

**PROPOSTA DE
ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE
POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO
DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

**DOCUMENTO RESULTANTE DO PROCESO DE NEGOCIACIÓN
COLECTIVA**

O presente documento, comprensivo do Organigrama e Relación de Postos de Traballo para o Concello de Vilagarcía de Arousa, inclúe os contidos e/ou partes fundamentais que deseguido se relacionan:

- **INTRODUCCIÓN. MEMORIA EXPLICATIVA**
- **I PARTE.- ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO; REPRESENTACIÓN E DESCRICIÓN COMPETENCIAL**
- **II PARTE.- DESCRICIÓN PROFESIONAL E FUNCIONAL DOS POSTOS DE TRABALLO. FICHAS DESCRIPTIVAS INDIVIDUAIS**
- **III PARTE.- VALORACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO. MANUAL DE VALORACIÓN E COMPLEMENTO DE DESTINO E ESPECÍFICO RESULTANTES**
- **IV PARTE.- RPT RESULTANTE**

INTRODUCCIÓN
MEMORIA EXPLICATIVA

I.- A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA E LEGAL

a) Xustificación técnica; necesidade de elaborar a Relación de Postos de Traballo e o Organigrama do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A necesidade do Concello de Vilagarcía de Arousa de elaborar unha Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) e un Organigrama administrativo é consecuencia tanto de esixencias legais como de esixencias organizativas de natureza pragmática.

Polo que atinxe as esixencias legais, os artigos 90.2 da Lei 7/1985 LRBRL e 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público - en adiante TREBEP - imponen as Administracións Locais a elaboración dunha relación dos postos de traballo existentes nas súas organizacións que deberán incluír, en todo caso, a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño. No eido concreto da Administración Local, os artigos 90.2 da LRBR e 126.4 del RDL 781/1986, de 18 de abril, establecen a obriga das entidades locais de formar a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización; por outra banda, a lexislación básica (TREBEP) establece no seu artigo 72 que *“En el marco de sus competencias de autoorganización las Administraciones Públicas estructuran sus recursos humanos de acuerdo con las normas que regulan la selección, la promoción profesional, la movilidad y la distribución de funciones y conforme a lo previsto en este Capítulo”*, fixando, asemade, no artigo 74, referido á ordenación dos postos de traballo, que *“Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.”*

Polo que respecta as esixencias organizativas de natureza pragmática, hai que sinalar, especialmente, que a paulatina asunción de “competencias impropias” polos entes locais, á cal non é estraño o Concello de Vilagarcía de Arousa, veñen xerando un importante incremento da súa carga de traballo e unha crecente complexidade das

dinámicas de funcionamento da organización municipal. Importante incremento do traballo e da complexidade funcional que non se viu acompañado dun proceso paralelo de racionalización dos recursos humanos, nin dunha planificación estratéxica de distribución das novas funcións asumidas.

Así, con este Organigrama e Relación de Postos de traballo se persegue, fundamentalmente, e en aras ao cumprimento das esixencias legais sinaladas, así como á satisfacción das necesidades organizativas constatadas, **a fixación e configuración dunha estrutura organizativa administrativa** ordenada, xerarquizada, áxil e eficaz, capaz de satisfacer os obxectivos prestacionais do propio Concello, e de conformidade cos principios constitucionais expostos no art. 103.1 da nosa Constitución. Unha actuación que debe ser enmarcada dentro da potestade de autoorganización e autonomía, legal e xurisprudencialmente recoñecidas ás Corporacións Locais, para a xestión dos seus respectivos intereses. Así, o principio de autoorganización nas Administracións Locais, se manifesta, fundamentalmente, na facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade cos principios Constitucionais e os límites que estableza o Lexislador. Elo conleva que sexa cada Administración - neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa - a que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa, así como a definición dos postos - e as súas características - que forman parte de dita estrutura administrativa. Potestade que a Administración materializará. como neste caso, coa configuración dos seus modelos organizativos e Relacións de Postos de Traballo, que son instrumento técnicos a través dos que se realizará a ordenación do persoal de recursos humanos, con arranxo ás necesidades dos servizos prestados, debendo incluír, no caso concreto das RPTs, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias (artigo 74 do TREBEP).

Esta nova estrutura organizativa traerá consigo, e perseguirá, fundamentalmente, a consecución das seguintes vantaxes e logros:

Seguridade. Á hora de coñecer o estado de tramitación de cada expediente, localizar a documentación correspondente e vixiar o cumprimento dos prazos para a súa resolución, para a súa consulta ou para acadar informacións sobre asuntos relacionados coa materia competencia de cada Departamento administrativo. Seguridade pola

existencia de criterios previos e obxectivos á hora de distribuír o traballo e de depurar responsabilidades, etc. Evitarase deste xeito a “dispersión de expedientes”, é dicir, que un mesmo expediente se estea a tramitar, por partes, por diferentes departamentos ou persoas sen que exista un responsable claro do seu impulso e puntual resolución.

Racionalización. Permitirá a racionalización dos recursos de que dispón o Concello, co fin de obter os mellores resultados posibles, mediante un uso óptimo, eficiente e eficaz dos mesmos.

Ordenación. Servirá de columna vertebral, ou base primeira, que poderá ser completada con diferentes regulamentos organizativos e coas instrucións ou circulares que, en aplicación daqueles, poidan ser ditadas.

En todo caso, tamén convén sinalar que, de acordo co carácter dinámico dos Organigramas e RPTs - que deben ter a capacidade de adecuarse e adaptarse ás novas necesidades e particularidades da administración que, co tempo, poidan ir xurdindo - é lóxico esperar, que na execución das súas previsións, xurdan novas necesidades ou circunstancias que demanden unha adaptación dos seus contidos, ou que recomenden posibles mellores ou diferentes solucións organizativas, ou ben que sexa preciso adaptar os postos ás novas necesidades ou regulamentacións legais, sempre cambiantes-. Polo tanto son de prever cambios na estrutura aquí prevista, que se plasmarán preferentemente con ocasión da aprobación dos presupostos de cada exercicio ou, de ser urxente, a través dos oportunos procedementos de modificación.

b) Xustificación normativa; Lexislación aplicable á elaboración da Relación de Postos de Traballo.

A confección e aplicación da RPT adaptarase á lexislación básica do Estado sobre o réxime local, tal e como sinala o art. 168 do Texto refundido do réxime local (en adiante TRRL). Aos efectos do disposto no art. 149.1.18º da Constitución, esta lexislación básica está constituída polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; tamén serán de aplicación preferente os preceptos da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e do TRRL que teñan o carácter de básicos segundo a DA 7ª deste.

A lexislación das Comunidades Autónomas deberá de ser tida en conta en defecto do disposto pola lexislación básica, e está constituída pola Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego Público de Galicia e o Regulamento de provisión de postos de traballo, provisión e promoción interna do persoal ó servizo da Administración Autonómica, aprobado por Decreto 93/1991 de 20 de marzo (DOGA do 25.03.1991) e modificado polo Decreto 166/2013, de 14 de novembro.

Por último, deberá de acudirse á restante lexislación estatal, como supletoria de 2º grao, especialmente, ao Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e de promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por RD 364/1995.

No tocante ao contido da propia RPT, e como se sinalou, seguiuuse á Orde de 02.12.1988 sobre relacións de postos de traballo na Administración Xeral do Estado, complementada pola Orde do 06.02.1989, sobre modelos de relacións de traballo, coas peculiaridades propias deste Concello. Igualmente, tamén se toma como referencia a Orde do 21.11.1989 da Consellería Presidencia, modificada por Orden do 12.06.2002, se ben o seu contido coincide basicamente coas anteriores. Así mesmo, tamén se debe sinalar, como referencia normativa particular no tocante ás funcións e postos reservadas a nacionais, de se-lo caso, o disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

En todo caso, e como consideración de carácter xeral, cómpre significar, pola transcendencia que reviste aos efectos do presente proceso de elaboración de Organigrama e RPT, que debemos partir da consideración de que a ordenación da actividade profesional dos empregados públicos locais **se fundamenta na potestade de autoorganización das entidades locais** (art. 4 LRBRL), que á súa vez se xustifica ou dirixe ao exercicio das competencias das mesmas (art. 25 LRBRL) a través do establecemento e prestación dos servizos públicos, coa finalidade última de satisfacer as necesidades y aspiracións da comunidade veciñal. **En definitiva, a elaboración do Organigrama e RPT agora propostos, cabe enmarcala como unha manifestación da potestade que o Concello ten para a elaboración e aprobación da organización e ordenación interna dos recursos humanos, que debe entenderse, a súa vez, como unha manifestación concreta da potestade xeral de autorganización, normativa e xurisprudencialmente recoñecida, e da que gozan as Administracións Públicas e,**

en particular, a Administración Local, - artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local - . Neste senso, cada Administración Local - e neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa - gozará de amplas facultades para organizar os servizos na forma que estime máis conveniente para a súa maior eficacia, sen trabas ou constricións derivadas do mantemento das precedentes prácticas de organización e de funcionamento funcional. Ao contrario, a interpretación constitucionalmente correcta desta manifestación do principio autoorganizativo comporta, en primeiro lugar, o recoñecemento de que, no exercicio deste contido propio da potestade de ordenación do persoal, as Administracións Públicas gozan dunha marxe de actuación suficientemente ampla á hora de concretar na organización os “estatus” do persoal ao seu servizo (vid. STC do 29 de marzo de 1990) e, en segundo lugar, a esixencia de que a Administración actuante empregue, de xeito crítico, a marxe de discrecionalidade técnica que o Lexislador lle confire para obter unha mellor conxugación dos recursos persoais e das estruturas administrativas das que dispoña, ou prevexa dispor, cos obxectivos prestacionais que teña programados orzamentariamente ou que se propoña acadar (vid. STSX País Vasco de 22 de febreiro de 2003).

En definitiva, a elaboración do Organigrama e RPT agora propostos, cabe enmarcala dentro da potestade do Concello de Vilagarcía de Arousa para definir a estrutura organizativa e de postos que considere máis acaída para satisfacer as necesidades dos servizos municipais e garantir una adecuada cobertura e prestación dos mesmos, de tal forma que, tal e como ven recoñecendo o propio Tribunal Supremo, no tocante a esta materia, *“la Administración no está obligada a sancionar una determinada organización de los recursos humanos, sino que el correcto ejercicio de la competencia legalmente conferida exige que la Administración emplee de manera crítica el margen de discrecionalidad técnica que el legislador le confiere para obtener una mejorconjugación de los recursos personales y de las estructuras administrativas de las que disponga o prevea disponer con los objetivosprestacionales que tenga programados presupuestariamente o que se proponga alcanzar.”*

Así, á hora de confeccionar o Organigrama e RPT, se recoñece unha ampla discrecionalidade e capacidade á propia Administración - neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa -; unha ampla capacidade de actuación, por parte desta Administración, que debe consistir, en todo caso, **en aplicar de maneira razoable e**

lóxica a marxe de discrecionalidade técnica que o legislador lle confire, co obxectivo de obter a mellor simbiose entre os recursos de persoal dispoñibles e a consecución dunha estrutura administrativa adecuada para a satisfacción dos seus obxectivos prestacionais.

En liña co anteriormente exposto, cómpre poñer de manifesto, igualmente, que en modo algún se deben integrar, entre o conxunto dos dereitos adquiridos e consolidados por parte dos empregados, o da inalterabilidade de todos e calesquera dos múltiples aspectos que comportan a relación funcional nun momento dado, non comprendéndose entre eles, en canto oposto ao fin para o que se outorga aquela potestade de autoorganización, o mantemento inalterable das unidades administrativas nalgún momento deseñadas, a súa organización, ou a súa integración no seo da Administración.

c) Xustificación económica; cumprimento da normativa orzamentaria na elaboración da Relación de Postos de Traballo

Como consecuencia da aprobación da presente RPT, e particularmente da valoración de postos incluída na mesma, nos termos do sinalado ao longo do presente documento, poderanse producir incrementos puntuais e concretos ao respecto das retribucións percibidas, actualmente, por certo persoal ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A este respecto, compre traer a colación o previsto na Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que establece no seu artigo 19, apartado Dous, o seguinte:

“Dos. En el año 2022, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 2 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2021, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo. Los gastos de acción social no podrán incrementarse, en términos globales, respecto a los de 2021. A este respecto, se considera que los gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos o mejoras distintos a las contraprestaciones por el trabajo realizado cuya finalidad es satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias personales del citado personal al servicio del sector público.”

Non obstante, a pesar desta limitación económica, as posibles subidas retributivas que, de ser o caso, se deriven da aprobación da RPT, atoparían o seu respaldo no apartado sete do citado art. 19, que establece que *“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”*

Deste xeito, os incrementos retributivos atoparían xustificación normativa neste precepto, na medida en que os mesmos se derivarían das adecuacións retributivas xeradas pola ordenación e valoración dos postos de traballo, os cales no se atopaban, anteriormente, nin ordenados nin adecuadamente valorados, o que viña a supoñer unha vulneración de diversos mandatos legais: art. 90.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local; 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e arts. 126 e 127 do Texto Refundido do Réxime Local, aprobado por RD Legislativo 781/1986.

En calquera caso, a determinación das novas contías retributivas resultantes obedecerán á súa valoración obxectiva e motivada, sen producirse, en ningún caso, subidas liñais e xerais de retribucións, senón que estas se realizan con carácter singularizado e individualizado, atendendo ao criterio da adecuación obxectiva das retribucións ás particulares características profesionais e funcionais definitorias dos postos incluídos na RPT.

En liña co exposto, cómpre poñer de manifesto, igualmente, que no marco deste proceso de racionalización e ordenación retributiva dos postos de traballo se procede a regularizar a particular situación derivada da percepción actual, por parte do persoal municipal, de determinados complementos retributivos de carácter periódico e liñal (anticipo RPT) que non se adecúan ás previsións normativas aplicables en materia de retribucións do persoal da Administración Local, particularmente nos termos do definido no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril; e que foi obxecto de racionalización e regularización mediante o traslado destas percepcións ao concepto retributivo legalmente máis acaído e axeitado, que resulta ser o Complemento Específico. Así, no proceso de valoración obxectiva e singularizado dos postos de traballo, aos efectos da determinación das súas retribucións complementarias xa se procederon a considerar o

conxunto das condicións particulares que, legalmente, condicionan estes conceptos salariais.

En todo caso, se como consecuencia deste proceso de racionalización e regulación retributiva derivada da aplicación da presente RPT, o persoal afectado experimenta unha minoración nas retribucións percibidas, con anterioridade, e que foran fixas e propias do posto/praza/categoría desempeñados, este terá dereito a un **Complemento RPT** pola diferenza, co obxecto de respectar os seus dereitos adquiridos e consolidados.

Asemade, tamén se debe advertir que as valoracións e contías retributivas resultantes, e asignadas aos diferentes postos incluídos na RPT, non serán de aplicación directa e inmediata ao persoal, toda vez que requirirá dun previo proceso de adscrición e vinculación deste aos diferentes postos incluídos en dita RPT; **isto é, a percepción, por parte do persoal municipal, dos Complemento de Destino e Específico que se veñen de fixar, para os diferentes postos incluído na RPT, esixirá da previa adscrición e desempeño efectivo dos mesmos.**

II.- OBXECTIVOS A ACADAR COA ELABORACIÓN DO ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

Como xa dixemos anteriormente, a RPT se presenta no Ordenamento xurídico español como o instrumento técnico por medio do que, por unha banda, se realiza a ordenación do persoal dunha Administración, de acordo coas necesidades dos servizos, e, por outra banda, se precisan os requisitos para o desempeño de cada un dos distintos postos de traballo. Así, o seu obxectivo fundamental é o de racionalizar os recursos humanos dunha Administración co fin de adecualos á estrutura organizativa da mesma en aras a unha xestión máis eficaz e eficiente. Trátase, en consecuencia, dun “instrumento esencial da política xeral de persoal, incluíndo na mesma a dimensión económica e orzamentaria” (Sentencia do Tribunal Supremo do 30 de setembro de 1996). Con el preténdese, con carácter xeral:

- 1) Reflectir a estrutura organizativa básica e permanente da Administración.
- 2) Describir os postos de traballo, fixando os seus contidos principais.
- 3) Valorar, a efectos retributivos, os postos de traballo.

No contexto dos obxectivos xerais que toda RPT debe cumprir, ós que nos acabamos de referir, son obxectivos específicos da RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa:

- 1) A reordenación da estrutura organizativa.
- 2) A descrición das características dos postos de traballo e a determinación dos requisitos que se deben cumprir para a ocupación dos mesmos.
- 3) A funcionarización de determinados postos de traballo.
- 4) A redución do grao de precariedade no emprego.
- 5) A racionalización da asignación de complementos retributivos.

Vexamos pormenorizadamente que implica cada un destes obxectivos:

1) A reordenación da estrutura organizativa.

A RPT constitúe o medio idóneo para o deseño dunha adecuada e funcional estrutura organizativa. Así, por medio da asignación na RPT de cada posto de traballo a

un Departamento, Unidade ou Sección, pódese articular e reordenar a organización municipal co fin de obter un organigrama estábel e racionalizado.

A elaboración do novo organigrama municipal, a través da aprobación da RPT, realizouse de acordo coas seguintes directrices:

A) Proceder á fixación dos Departamentos, Unidades ou Seccións necesarias para garantir un funcionamento dos servizos municipais coordinado e eficiente.

B) Levar a cabo a determinación do persoal que cada un dos Departamentos, Unidades ou Seccións necesita para garantir un eficaz funcionamento dos servizos cuxa xestión lle competa.

C) Mellorar as capacidades directivas e organizativas dos responsábeis de cada un dos novos Departamentos, Unidades ou Seccións, o que garante un funcionamento autónomo e áxil da administración municipal.

2) A descrición das características dos postos de traballo e a determinación dos requisitos que se deben cumprir para a ocupación dos mesmos.

Na RPT figura unha descrición funcional e profesional xeral de cada posto de traballo, así como, de ser o caso, os criterios pu requisitos concretos requiridos para o seu desempeño – titulación, formación, etc.... -

Coa explicitación destes datos en cada posto, ao marxe de permitir a súa descrición e valoración obxectiva, pónense as bases para orientar a formación do persoal, así como os procesos de provisión e promoción profesional.

3) A funcionarización de determinados postos de traballo.

O artigo 92 da Lei de Bases de Réxime Local establece no seu apartado segundo que “son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado exclusivamente a persoal suxeito a Estatuto funcional, as que impliquen exercicio de autoridade, as de fe pública e asesoramento legal preceptivo, as de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, as de contabilidade e tesourería e, en xeral, aquelas que, en desenvolvemento da presente Lei, se reserven aos funcionarios

para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.

Pola súa banda, o artigo 26 da LEPG establece que só poderán ser desempeñados por persoal laboral:

“A) Os postos de natureza non permanente e aqueles de actividades dirixidas a satisfacer necesidades de carácter periódico e descontinuo.

B) Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios.

C) Os postos correspondentes a áreas de actividade que requiran coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas de persoal funcionario cuxas persoas integrantes teñan a preparación específica necesaria para o seu desempeño.

D) Os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións e mais de artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística.”

Da lectura destes preceptos legais infírese claramente que, de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional contida, entre outras, na súa Sentencia 99/1987, do 11 de xuño, o Lexislador Galego estableceu o réxime funcional como réxime común do persoal ó servizo das Corporacións locais de Galicia, e configurou o réxime laboral como un réxime excepcional.

Non obstante a devandita previsión legal, o grao de laboralización das Administracións locais galegas e, en xeral das españolas, é moi alto - nestas o persoal laboral supón aproximadamente máis do 50% do total dos empregados públicos -; esta porcentaxe é moi superior á acadada na Administración do Estado (20%) ou na Administración autonómica galega (30%).

Os principais problemas derivados deste predominio do persoal laboral sobre o persoal funcionario son, por unha banda, a ocupación por persoal laboral de postos que segundo a lexislación vixente deberían estar reservados a persoal funcionario e, por outra banda, e como consecuencia desta irregular adscrición de postos ó réxime laboral, que o desenvolvemento de tarefas idénticas ou similares atribúese nuns casos a persoal funcionario e noutros a persoal laboral, violándose en consecuencia o principio de igualdade de tratamento dos traballadores.

Para por fin a esta situación claramente irregular, a aprobación da RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa vai contribuír ás seguintes actuacións;

A) A identificación daqueles postos susceptibles de funcionarización, dado que, de conformidade coa normativa vixente, se vinculan ao desempeño de funcións e/ou tarefas que, en principio, non corresponderían a persoal laboral.

B) No caso daqueles postos cuxo exercicio non estea reservado, en exclusiva, a persoal funcionario, poderase optar por manter a súa natureza laboral, o que permitirá, por outra banda, facilitar a estabilización do mesmo.

4) A redución e racionalización da temporalidade laboral

Unha das características das diferentes Administracións Públicas de España é o alto grao de emprego temporal, circunstancia que se constata, particularmente, nas Administracións Locais-

Nesta liña, a RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa contribuirá – a permitir identificar as necesidades laborais verdadeiramente estruturais e permanentes no conxunto da Administración Municipal, de acordo con criterios racionais e obxectivos - a identificar e reducir as relacións laborais de índole temporal, de xeito que só merezan tal cualificación aquelas que sexan estritamente necesarias e se correspondan con actividades puramente conxunturais.

5) A racionalización da asignación de complementos retributivos.

Coa elaboración da RPT realízase, asemade, unha valoración e cuantificación económica das retribucións complementarias dos postos, concretamente o Complemento Específico e o Complemento de Destino, de conformidade coa puntuación que cada posto acade no proceso de valoración, que se describe neste mesmo documento. Deste xeito, a análise e valoración dos postos de traballo actuais vai determinar, en consecuencia, a determinación do Específico e Destino que se asignará a cada un dos postos incorporados na RPT.

III.- O PROCESO DE ELABORACIÓN, APROBACIÓN E APLICACIÓN DO ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

A) O proceso de elaboración do Organigrama e a RPT.

As fases fundamentais que conformaron o proceso de elaboración da RPT e Organigrama municipais son as que de seguido se relacionan:

- 1) A recollida de información sobre os postos existentes e a realidade administrativa actual do Concello.
- 2) A clasificación dos postos de traballo: a elaboración do organigrama.
- 3) A descrición dos postos de traballo.
- 4) A valoración dos postos de traballo.
- 5) A elaboración e a remisión da proposta de RPT.

1) A recollida de información sobre os postos existentes.

Existen diferentes métodos para a recollida de información acerca dos postos de traballo. No caso do Concello de Vilagarcía de Arousa, a obtención da información básica para a descrición das características do posto de traballo, e a súa posterior valoración, realizouse mediante a utilización dunha metodoloxía combinada, recorrendo, conxuntamente, á observación e estudo dos instrumentos de ordenación e xestión de persoal existentes na actualidade (basicamente, cadro de persoal), xunto coa celebración de reunións con responsables políticos e co persoal técnico municipal, que se celebraron nas seguintes datas:

- 7 de setembro de 2017
- 18 de outubro de 2017
- 27 de outubro de 2017

Á información obtida nas citadas reunións únese á recibida, de xeito directo e con carácter previo, do persoal que presta os seus servizos no Concello. Cada un dos traballadores, de xeito voluntario, tivo a oportunidade de expresar os problemas organizativos e necesidades que aprecia respecto do seu posto de traballo ou da área na que presta servizos a través duns cuestionarios que lles foron distribuídos.

2) A clasificación dos postos de traballo: a elaboración do organigrama.

Á vista da información recollida, conforme á metodoloxía sinalada no apartado anterior, procedeuse á clasificación de cada posto de traballo, determinando para cada un deles a súa importancia relativa (en relación cos demais postos de traballo) dentro do conxunto dunha organización.

Da información recabada, e en particular, da manifestación das necesidades organizativas tanto por parte dos responsables políticos, como polo persoal técnico, elaborouse a estrutura e/ou organigrama inicialmente proposto, no que se recolleu non só o esquema organizativo proposto para o Concello de Vilagarcía, senón tamén a futura creación de novos postos de traballo precisos para afrontar o amplo número de tarefas asignadas a algúns departamentos e/ou unidades. A modo de exemplo cabe citar a futura creación de dous postos de Técnico de Administración Xeral na unidade de contratación e patrimonio, así como na unidade de persoal, dentro do Departamento de Secretaría e Administración Xeral; ou a creación dun posto de Técnico dentro do Departamento de Intervención, todas elas creacións feitas á vista das consideracións formuladas polos técnicos responsables de cada Departamento.

Tras o estudo das alegacións formuladas polos distintos grupos sindicais á esa primeira proposta de organigrama, así como logo de celebrar distintas reunións, tanto co grupo político municipal como con persoal municipal responsable de distintos servizos, en datas 19 de febreiro de 2018, 2 de marzo de 2018 e 26 de marzo de 2018, elaborouse a nova proposta de organigrama que agora se presenta. Son exemplo dalgunhas das modificacións realizadas respecto da primeira proposta achegada, entre outras, a reestruturación de Departamentos e Unidades, como sucede no caso do Departamento de Urbanismo ou no Departamento de Seguridade Cidadá; a unificación nun so Departamento do anterior Departamento de Cultura e Departamento de Biblioteca e Animación á Lectura; ou a proposta de novos postos de futura creación, entre os que cabe destacar, a modo de exemplo, 6 postos de Policía.

A devandita clasificación dos postos de traballo foi obxecto de posterior tradución na estrutura e/ou organigrama administrativo agora proposto, na que tamén se procedeu a facer unha descrición funcional e competencial das diferentes unidades administrativas.

3) A descrición dos postos de traballo.

Tralas fases previas, procedeuse á descrición funcional e profesional de cada posto, resultando as fichas descritivas de postos de traballo que se incorporan no presente documento.

4) A valoración dos postos de traballo.

A partires da definición e descrición dos postos de traballo e do organigrama administrativo finalmente fixado, procedeuse a realizar a valoración dos postos de traballo, seguindo os criterios obxectivos e técnicos que se achegan neste documento (**segundo o especificado no manual de valoración**)

B) O proceso de aprobación do Organigrama e RPT

A aprobación definitiva requirirá, segundo a normativa vixente, o cumprimento dos seguintes trámites

1. A negociación colectiva cos diversos órganos de representación sindical do persoal funcionario e/ou laboral nos termos e cos límites establecidos na lexislación vixente.
2. A aprobación inicial polo Pleno.
3. A información pública, a efectos de que poidan ser presentadas alegacións.
4. A aprobación definitiva e publicación en boletíns oficiais.

C) Aplicación, posta en marcha e desenvolvemento do Organigrama e RPT. Procesos de adscrición, actualización/revisión periódica e restantes procesos e actuacións posteriores.

Unha vez elaborada e aprobada a nova RPT, así como o Organigrama Administrativo, se deberá proceder á vinculación dos traballadores a cada unha das unidades administrativas e postos desta nova estrutura organizativa, dando lugar, finalmente, a unha proceso de **adscrición e distribución do persoal existente en relación á nova estrutura organizativa e de postos configurada**; procederase así a asignar/adscribir ao persoal aos distintos postos incorporados na RPT e Organigrama, de tal xeito que se

poidan identificar os ocupantes dos mesmos, así como materializar nestos os efectos - laborais, administrativos e retributivos - derivados da aprobación destes documentos.

Tamén convén sinalar que, de acordo co carácter dinámico dos Organigramas e RPTs - que deben ter a capacidade de adecuarse e adaptarse ás novas necesidades e particularidades da administración que, co tempo, poidan ir xurdindo - é lóxico esperar, que na execución das súas previsións, xurdan novas necesidades ou circunstancias que demanden unha adaptación dos seus contidos, ou que recomenden posibles mellores ou diferentes solucións organizativas, ou ben que sexa preciso adaptar os postos ás novas necesidades ou previsións legais, sempre cambiantes. Polo tanto, esta **RPT e Organigrama terá un carácter dinámico e revisable**, de tal xeito que se garanta a súa capacidade de adaptación ás novas circunstancias e necesidades; revisión e adaptación que deberá materializarse, cando menos, con ocasión da aprobación dos presupostos, e do cadro de persoal correspondente, de cada exercicio, de tal xeito que se garanta a plena adecuación da propia RPT á realidade do plantel municipal vixente, tanto no tocante ao seu número e características, como no referente ás previsións retributivas asociadas. Igualmente, e ao marxe desta revisión ordinaria vinculada á aprobación dos orzamentos e cadro de persoal, se poderá, e deberá, proceder á modificación desta RPT e Organigrama administrativo sempre que concorran circunstancias e feitos que así o recomenden, mediante a conformación e tramitación do correspondente expediente de modificación, no que se incorporará e acreditará adecuadamente a xustificación e modificación da mesma, e que deberá ser finalmente ratificado polo mesmo órgano que procedeu á aprobación do documento inicial e vixente - neste caso, o Pleno Municipal -.

I PARTE

ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO

REPRESENTACIÓN GRÁFICA E

DESCRIPCIÓN COMPETENCIAL

Consideracións iniciais

O Organigrama Administrativo que a continuación se presenta e describe, responde a un proceso de racionalización da estrutura administrativa e de postos municipal, que se adecúa a realidade actualmente existente, así como á delimitación e definición funcional tanto das distintas unidades administrativas como dos postos integradas nas mesmas, todo elo coa finalidade última de garantir e potenciar o bo funcionamento e cobertura dos servizos a prestar, así como a optimización dos recursos humanos dispoñibles.

Se debe precisar, igualmente, que se procedeu a un deseño do Organigrama Administrativo no que se recollen os principais eidos funcionais e de actuación municipal, que non teñen por qué coincidir, necesariamente, coa estrutura e/ou deseño da esfera política vixente en cada momento (áreas de goberno e concellarías delegadas), aínda que, en boa lóxica, entre ambos eidos deba existir unha necesaria comunicación e interacción.

Para a súa confección tomouse como referencia, por unha banda, a situación actual, coas áreas ou eidos de actuación administrativa xa existentes na actualidade, aínda que carente, de delimitación formal; isto é, partiuse da estrutura informal coa que se está a funcionar na actualidade, que foi obxecto de revisión e racionalización, coa finalidade de conseguir un deseño organizativo racional e mellorado.

Con carácter xeral, á hora do deseño da proposta de estrutura administrativa agora presentada, partiuse da vertebración do conxunto da organización municipal en *departamentos administrativos*, que se van corresponder coas principais liñas de actuación e prestación de servizos asumidos polo Concello. Así mesmo, no seo de cada un deles, e de acordo cun criterio de especialización funcional, habilítanse *unidades administrativas*, nas que se asumirá a realización daqueles servizos e funcións con carácter diferenciado e autónomo.

Con estes obxectivos, preséntase, primeiramente, a representación gráfica desta estrutura administrativa, para a continuación realizar unha descrición xeral e competencial dos diferentes departamentos/unidades integrantes do mesmo.

Sección 1ª

Organigrama Administrativo ; representación gráfica

01. DEPARTAMENTO DE ALCALDÍA
01.01 Unidade de transparencia e bo goberno
AUXILIAR PROTOCOLO
ADMINISTRATIVO/A
01.02 Unidade de comunicación social
TÉCNICO DE COMUNICACIÓN, PUBLICACIÓN E ARQUIVOS - XEFE/A UNIDADE
+ FUTURA CREACIÓN: Técnico en Deseño Gráfico
DESEÑADOR/A GRÁFICO/A
AUXILIAR DE REDACCIÓN

02. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL
SECRETARIO/A XERAL
02.01 Unidade de administración xeral
T.A.X./XEFE/A UNIDADE
02.01.01 Sección de actas
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
02.01.02 Sección de administración xeral
ADMINISTRATIVO/A
02.01.03 Sección de rexistro
+FUTURA CREACIÓN: Administrativo/a
+ FUTURA CREACIÓN: Administrativo/a
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
02.01.04 Sección de información
ENCARGADO/A DE INFORMACIÓN PÚBLICA
02.01.05 Sección de arquivo xeral
ENCARGADO/A DE ARQUIVOS
02.01.06 Sección de estatística
ADMINISTRATIVO/A
02.02 Unidade de contratación e patrimonio
TÉCNICO/A - XEFE/A UNIDADE
TÉCNICO/A DE XESTIÓN
ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
02.03 Unidade de conserxería
PORTEIRO/A – XEFE/A UNIDADE
OPERARIO/A CONSERXE – NOTIFICADOR/A
OPERARIO/A CONSERXE – NOTIFICADOR/A
OPERARIO/A CONSERXE – NOTIFICADOR/A
OPERARIO/A CONSERXE – NOTIFICADOR/A
OPERARIO/A CONSERXE – NOTIFICADOR/A
02.04 Unidade de persoal
+FUTURA CREACIÓN: T.A.X.
TÉCNICO RR.HH – XEFE/A UNIDADE
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A

ADMINISTRATIVO/A
02.05 Unidade de Consumo
XESTOR/A DE CONSUMO – XEFE/A UNIDADE
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

03. DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN
INTERVENTOR/A (COORDINADOR/A)
TÉCNICO/A SUPERIOR
TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL
TÉCNICO/A DE XESTIÓN
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

04. DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA
TESOUREIRO/A (COORDINADOR/A)
04.01 Unidade de administración
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
04.02 Unidade de rendas
TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL – XEFE/A UNIDADE
TÉCNICO/A DE RENDAS
+FUTURA CREACIÓN: Inspector/a de Rendas
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR INSPECCIÓN DE RENDAS
04.03 Unidade de recadación
RECADADOR/A
AXENTE RECADACIÓN
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

05. DEPARTAMENTO DE URBANISMO
T.A.E. ASESOR/A XURÍDICO/A
05.01 Unidade Técnica
ARQUITECTO/A – XEFE/A UNIDADE
+FUTURA CREACIÓN: Arquitecto/a
ENXEÑEIRO/A
DELINEANTE PROXECTISTA
05.02 Unidade administrativa

POLICÍA
POLICÍA
POLICÍA
POLICÍA
POLICÍA
POLICÍA
POLICÍA
POLICÍA
+FUTURA CREACIÓN: Policía
+FUTURA CREACIÓN: Policía
+FUTURA CREACIÓN: Policía
+FUTURA CREACIÓN: Policía
06.01 Unidade administrativa e de servizos básicos
ADMINISTRATIVO/A
OPERARIO/A CONDUTOR/A
OPERARIO/A CONDUTOR/A
+FUTURA CREACIÓN: Operario/a Conductor/a
OPERARIO/A CONSERXE

07. DEPARTAMENTO DE EMERXENCIAS
ENCARGADO/A SERVIZO EMERXENCIAS- XEFE/A DEPARTAMENTO
COORDINADOR/A- CAPATAZ
COORDINADOR/A- CAPATAZ
COORDINADOR/A- CAPATAZ
COORDINADOR/A- CAPATAZ
COORDINADOR/A- CAPATAZ
COORDINADOR/A- CAPATAZ
COORDINADOR/A- CAPATAZ
FUTURA CREACIÓN: Coordinador/a- Capataz
OPERARIO/A EMERXENCIAS
OPERARIO/A EMERXENCIAS
OPERARIO/A EMERXENCIAS
OPERARIO/A EMERXENCIAS
OPERARIO/A EMERXENCIAS
OPERARIO/A EMERXENCIAS
+FUTURA CREACIÓN: Operario/a Emerxencias
OPERARIO/A SERVIZOS

08. DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
08.01 Unidade de fomento do emprego
XESTOR/A P.E.D.L. – XEFE/A UNIDADE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
08.02 Unidade de atención a demandantes de emprego
ORIENTADOR/A LABORAL
08.03 Unidade de desenvolvemento local
AEDL – XEFE/A UNIDADE
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
08.04 Unidade de feiras e eventos
ENCARGADO/A DO SERVIZO-XEFE/A UNIDADE

OPERARIO/A
OPERARIO/A
08.05 Unidade de turismo
XESTOR/A TURISMO – XEFE/A UNIDADE
TÉCNICO/A DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS
TÉCNICO/A DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS
TÉCNICO/A DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS
TÉCNICO/A DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS
08.06 Unidade de mercados
ENCARGADO/A MERCADOS – XEFE/A UNIDADE
OPERARIO/A SERVICIOS
OPERARIO/A SERVICIOS
OPERARIO/A SERVICIOS

09. DEPARTAMENTO DE SERVICIOS E MANTEMENTO DE ESPAZOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
+FUTURA CREACIÓN: Encargado/a de servicios e mantemento de espazos e instalacións municipais
09.01 Unidade administrativa
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
09.02 Unidade de obras e mantemento
ENCARGADO/A DE OBRAS E MANTEMENTO- XEFE/A UNIDADE
OFICIAL SERVICIOS VARIOS
OFICIAL SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS- AXUDANTE ENCARGADO
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A CONDUCTOR/A
OPERARIO/A CONDUCTOR/A
OPERARIO/A CONDUCTOR/A
09.03 Unidade de mantemento eléctrico e servizo técnico
ENCARGADO/A DE ALUMEADO PÚBLICO- XEFE/A UNIDADE
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
09.04 Unidade de Medio Ambiente
XESTOR/A MEDIO AMBIENTE - XEFE/A UNIDADE
ENCARGADO/A DE MEDIO AMBIENTE- COORDINADOR/A
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS

OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
09.05. Unidade de parques e xardíns
ENCARGADO/A PARQUES E XARDÍNS- XEFE/A UNIDADE
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
09.06 Unidade de cemiterios
ENCARGADO/A DE CEMITERIOS- XEFE/A UNIDADE
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS

10. DEPARTAMENTO DE CULTURA, BIBLIOTECA E ANIMACIÓN Á LECTURA
TÉCNICO/A DE CULTURA
10.01 Unidade administrativa e de xestión cultural
TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
XESTOR/A SOCIOCULTURAL
XESTOR/A SOCIOCULTURAL
10.02 Unidade de biblioteca
DIRECTOR/A BIBLIOTECA
ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR BIBLIOTECA
AUXILIAR BIBLIOTECA
AUXILIAR BIBLIOTECA
AUXILIAR BIBLIOTECA
AUXILIAR BIBLIOTECA
AUXILIAR BIBLIOTECA
AUXILIAR BIBLIOTECA
AUXILIAR BIBLIOTECA
OPERARIO/A LIMPIADOR/A
10.03 Unidade de Instalacións
+FUTURA CREACIÓN: Encargado/a de Instalación - Xefe/a de Unidade
OFICIAL DE INSTALACIÓNS CULTURAI
OPERARIO/A INSTALACIÓNS CULTURAI
OPERARIO/A INSTALACIÓNS CULTURAI
OPERARIO/A INSTALACIÓNS CULTURAI
OPERARIO/A INSTALACIÓNS CULTURAI
OPERARIO/A INSTALACIÓNS CULTURAI
OPERARIO/A INSTALACIÓNS CULTURAI
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE

11 . DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN
11.01 Unidade do conservatorio de música
PROFESOR/A DIRECTOR/A - XEFE/A UNIDADE
PROFESOR/A –XEFE/A DE ESTUDOS-SECRETARÍA
+FUTURA CREACIÓN: Profesor/a de Música
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
11.02 Unidade da escola de música
PROFESOR/A DIRECTOR/A - XEFE/A UNIDADE
PROFESOR/A DE MÚSICA – XEFE/A DE ESTUDOS
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA
PROFESOR/A DE MÚSICA - DIRECTOR/A BANDA DE MÚSICA
11.03 Unidade de xestión
XESTOR/A E.T.X.
ADMINISTRATIVO/A
ENCARGADO/A CONSERXERÍA
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE

12. DEPARTAMENTO DE DEPORTES
12.01 Unidade de administración
XESTOR/A ADMINISTRATIVO/A- XEFE/A UNIDADE
+FUTURA CREACIÓN: Oficial Administrativo/a
12.02 Unidade de actividades deportivas
TÉCNICO/A DE XESTIÓN
TSAAFD
TSAAFD
TSAAFD
TSAAFD
TSAAFD
12.03 Unidade de servizo de mantemento
ENCARGADO/A SERVICIOS VARIOS - XEFE/A UNIDADE
12.03.01 Sección de mantemento
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS

OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS
12.03.02 Sección de conserxes
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE
OPERARIO/A CONSERXE

13. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS
TÉCNICO/A COORDINADOR/A DE DEPARTAMENTO
13.01 Unidade de programas
TRABALLADOR/A SOCIAL
13.02 Unidade de traballo social
TRABALLADOR/A SOCIAL
TRABALLADOR/A SOCIAL
TRABALLADOR/A SOCIAL
TRABALLADOR/A SOCIAL
TRABALLADOR/A SOCIAL
13.03 Unidade de educación e apoio familiar
EDUCADOR/A SOCIAL
EDUCADOR/A SOCIAL
13.04 Unidade administrativa
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

14. DEPARTAMENTO DA MULLER, IGUALDADE E PERSOAS MAIORES
DIRECTOR/A
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
14.01 Unidade do Centro de Información á Muller
PSICÓLOGO /A
14.02 Unidade de Igualdade
TRABALLADOR/A SOCIAL – MEDIADOR/A FAMILIAR
PEDAGOGO/A

15. DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO
+FUTURA CREACIÓN: Responsable OMIX-V
AUXILIAR SOCIOCULTURAL
AUXILIAR SOCIOCULTURAL

16. DEPARTAMENTO DE S.P.A.D.

PSICÓLOGO/A CLÍNICA– COORDINADOR/A DO SERVIZO
16.01 Unidade asistencial a drogodependentes
MEDICO/A
TÉCNICO/A PREVENCIÓN CONDUTAS ADITIVAS
D.U.E.
+NOVA CREACIÓN: D.U.E.
AUXILIAR DE CLÍNICA
16.02 Unidade de atención psicolóxica
PSICÓLOGO/A CLÍNICA
PSICÓLOGO/A
TRABALLADOR/A SOCIAL
16.03 Unidade de día
EDUCADOR/A SOCIAL
EDUCADOR/A SOCIAL
+ NOVA CREACIÓN: Educador/a Social
16.04 Unidade administrativa
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

17. DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA E NOVAS TECNOLOXÍAS
ENXEÑEIRO/A –XEFE/A DEPARTAMENTO
TÉCNICO/A INFORMÁTICO/A
TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA
+ FUTURA CREACIÓN: Coordinador/a CAU
17.01 Unidade de Xestión
TÉCNICO/A AUXILIAR INFORMÁTICO
TÉCNICO/A AUXILIAR INFORMÁTICO
17.02 Unidade de Sistemas
PROGRAMADOR/A MÁQUINAS AUXILIARES

Sección 2ª

Descripción funcional de unidades administrativas

Aclaracións Previas

A continuación farase unha descrición das competencias e funcións que, de maneira xeral, se vincularán con cada unidade administrativa das sinaladas no organigrama. Con elo tratarase de delimitar, na medida do posible, o ámbito de actuación no que deberán desenvolverse os postos adscritos, ao mesmo tempo que contribuirá a clarificar o sistema relacional existente entre os diferentes postos, na medida en que se vexan afectados pola mencionada delimitación competencial.

Respecto da descrición das funcións e competencias atribuídas a cada Departamento, Unidade ou Sección, cabe aclarar que se trata dunha enumeración de tipo xenérico e orientativo, sen chegar ó nivel de minuciosidade que puidera aportar un Manual de Funcións Departamentais. Esta descrición funcional poderá ser complementada mediante manuais de procedemento, circulares ou calquera outro instrumento organizativo que se estime oportuno, de carácter xeral, ou mesmo propio de cada un dos departamentos ou unidades administrativas.

01. DEPARTAMENTO DE ALCALDÍA

No eido deste Departamento atópanse comprendidas, con carácter xeral, as tarefas de xestión de axenda da Alcaldía municipal, así como as labores de comunicación cos medios e coidado da imaxe municipal nos medios e eventos nos que o Concello poida participar.

Tamén quedan comprendidas neste departamento as tarefas de comunicación do Concello, asumindo o persoal adscrito ó mesmo as relacións cos distintos medios de comunicación, da planificación, coordinación e supervisión das publicacións dos órganos de goberno, así como da recompilación de información de interese para o Concello, entre outras tarefas.

01.01 Unidade de transparencia e bo goberno

Correspóndelle a esta unidade a recepción das persoas que pretendan entrevistas coa Alcaldía ou diferentes concellerías delegadas, así como o desempeño das labores de secretaría de oficina a favor da Alcaldía, preferentemente.

De igual xeito, prestará apoio na atención inmediata e información ós veciños, reconducíndolles ós Departamentos competentes para coñecer das súas pretensións ou informándolles dos horarios de asistencia do Sr. Alcalde e Srs. Concelleiros.

No eido desta unidade tamén se organizarán e xestionarán os distintos eventos municipais nos cales participe o alcalde ou outros membros do goberno municipal, tales como rodas de prensa, comparecencias, reunións,...E outros como vodas civís, Pregóns de Festas,....

01.02. Unidade de comunicación social

No eido desta unidade acolleranse todas as tarefas relativas á comunicación do Concello a través dos distintos medios de comunicación, así como as relativos ó coidado e imaxe institucional.

Así, correspóndelle a esta unidade a realización das funcións que de seguido se enumeran, aínda que sen ánimo exhaustivo:

- Elaboración de notas de prensa
- Recompilación de información de interese polo Concello
- Deseño e xestión do contido de distintas páxinas webs temáticas municipais, a excepción da sede electrónica.
- Programación da axenda informativa comunicacional
- Elaboración de folletos de información turística

Tamén corresponde a este departamento a elaboración de discursos, pregóns presentacións, etc. para distintos eventos, así como a realización de anuncios oficiais e publicidade institucional en xeral.

02. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL

Trátase dun Departamento que se vertebrará arredor da Secretaría Municipal e que asumirá, non só as responsabilidades que directamente lle outorga a lexislación vixente (Lei 7/1985, RD 128/2018, Texto refundido das bases do Réxime Local e demais normativa aplicable), senón aquelas outras que se lle queiran conferir e que estean directamente relacionadas coa organización interna e coa administración xeral do Concello.

Neste senso, crearanse unha serie de unidades e seccións baixo a coordinación xeral do posto de Secretario/a, no seo das cales se desenrolarán actividades e funcións diferenciadas.

02.01 Unidade de administración xeral

Á unidade de administración xeral correspóndelle asistir e colaborar na tramitación administrativa das funcións que legal e formalmente se vinculan coa Secretaría Xeral (Dar fe pública de tódolos actos e acordos, a asesoría xurídica superior da Corporación, a súa presenza nos órganos Colexiados e comisións respectivas, e en xeral as que especificamente se sinalan no RD 128/2018), así como naquelas outras que, sendo propias da administración xeral do Concello, non se atopan formalmente asumidas por outras unidades ou departamentos.

En calquera caso, para a realización das devanditas funcións contarase, ao marxe da debida e lóxica supervisión xeral que corresponde ao Secretario, coa asistencia e apoio técnico directo dos/das Técnicos/as adscritos ó Departamento.

02.01.01 Sección de actas

A sección de actas ocuparase das tarefas propias da organización e funcionamento municipal relativo ós Plenos, Xunta de Goberno e Comisións Informativas. Así, entre outras, e sen ánimo exhaustivo, levará a cabo as seguintes actividades:

- Elaboración e tramitación de ordes do día e convocatorias
- Tramitación expedientes relacionados coa organización do Concello e coas propostas dos grupos políticos da corporación a través da plataforma informática Cívidas.
- Elaboración de actas da Xunta de Goberno e notificación electrónica dos acordos cando proceda.

- Elaboración de actas dos Plenos e notificacións dos acordos, realizándose de xeito electrónico cando proceda.
- Elaboración de actas de Comisións Informativas.
- Coordinación das resolución de Alcaldía e Concellerías Delegadas
- Xestión e actualización do libro de Resolucións e libros de acordos dos órganos colexiados
- Rexistro de asociacións veciñais, culturais, etc.
- Apoio administrativo ó secretario
- Remisión á Secretaría Xeral de toda a documentación elaborada para a súa sinatura electrónica.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito á sección.

02.01.02 Sección de administración xeral

Nesta sección aglutinaranse, de maneira residual e supletoria, todas aquelas funcións que se vincularán coa Secretaría e Administración Xeral do Concello, e que, explícita e formalmente non se atopan asignadas ás restantes unidades ou seccións.

Correspóndelle, pois, asistir e colaborar na tramitación administrativa das funcións que normativa e formalmente se vinculan coa Secretaría Xeral (dar fe pública de tódolos actos e acordos, a asesoría xurídica superior da Corporación, a súa presenza nos órganos e comisións respectivas, e en xeral as que especificamente se sinalan no RD 128/2018), e daquelas outras que, sendo propias da administración xeral do Concello, non se atopan formalmente asumidas por outras unidades ou Departamentos.

Así, a sección e administración xeral asumirá, sen ánimo exhaustivo, as seguintes actividades:

- Tramitación de expedientes administrativos a través da plataforma electrónica Cividias.
- Expedición de certificacións.
- Xestión da relación cos órganos xudiciais e outros órganos administrativos.
- Apoio administrativo ao Secretario/a xeral.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

02.01.03 Sección de rexistro

Pola súa banda, a sección de rexistro será a encargada do rexistro xeral de entrada e saída do Concello, tanto a nivel presencial como do rexistro telemático, portelo único e

SIR, así como a coordinación, no seu caso, cos rexistros auxiliares que puideran crearse noutras unidades ou co rexistro telemático e/ou dos organismos autónomos.

A modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar como tarefas máis significativas a realizar pola Unidade as seguintes:

- Rexistro xeral da documentación con entrada e saída no Concello (presencial e telemática), co conseguinte escaneado da mesma, tanto da que se recibe presencialmente, como a través da sede electrónica.
- Coordinación, no seu caso, cos rexistros auxiliares que puideran crearse.
- Xestión do Portelo Único e SIR.
- Realización de consultas, peticións ou intercambios de información, con outras administracións, entidades públicas ou mesmo privadas, cando algún departamento ou unidade llo esixa e trate de temas relativos ao Rexistro de entrada e saída.
- Atención ao cidadán, respondendo, na medida do posible, as súas cuestións, e informándolle de todo tipo de cuestións relacionadas coa actividade xeral do Concello.
- Xestión do correo e envío telemático de documentación a través do SIR.
- Información aos cidadáns da existencia de sede electrónica e de obriga de determinados colectivos de relacionarse electrónicamente co Concello.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

02.01.04 Sección de información

No seo da sección de información subministrárase ós cidadáns todos os datos relativos á información pública que lle resulten precisos, así como a orientación necesaria para que cada cidadán poda dirixirse ó departamento, unidade ou sección pertinente para a obtención de información ou realización de trámites.

Así, son tarefas propias da sección de información, aínda que sen ánimo exhaustivo, as seguintes:

- Atención, en primeira instancia, aos cidadáns, respondendo, na medida do posible, ás súas solicitudes, e informándolle de todo tipo de cuestións relacionadas coa actividade xeral do Concello.
- Entrega de documentación aos cidadáns relativos ao ámbito da estatística.
- Formación a estudantes de ciclos de Formación Profesional que realizan prácticas no Concello.
- Reparto de instancias e modelos de solicitudes aos interesados e colaboración na súa cumplimentación.

- Realización do listado comprensivo de toda a documentación diaria que se envía a través de Correos e que foi previamente preparada dende a Sección de Rexistro.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

02.01.00.05 Sección de arquivo xeral

A sección de arquivo xeral asumirá o funcionamento do arquivo, así como a responsabilidade en materia de documentación.

Encargarase do correcto funcionamento e organización do arquivo municipal, conforme aos criterios emanados da normativa interna que rexa ao respecto, ao mesmo tempo que tamén se encargará da recepción, estudo e distribución de toda aquela documentación oficial e legal, emanada de todo tipo de resolucións e publicacións oficiais do Concello, para que poida ser obxecto de utilización e referencia por parte das diferentes áreas de actividade administrativa municipal.

Trataríase dun servizo que debe **ocuparse das funcións de documentación e arquivo respectivamente, diferenciadas nos seus cometidos, aínda que complementándose dentro dos obxectivos globais do servizo.**

Por unha banda, no tocante ao arquivo, se debería garantir a axeitada xestión dos seus fondos, asumindo a ordenación e informatización a través da Deputación Provincial. Xunto co obrigado proceso de ordenación, coa necesaria e constante actualización, deberá desenrolarse un verdadeiro servizo de atención ao conxunto dos departamentos ou unidades do Concello, respondendo ás súas solicitudes de expedientes ou documentación arquivada, ao mesmo tempo que se prosigue coa organización e información dos que continuamente se seguen a xerar.

Por outra banda, asumírase, no seo deste servizo, a prestación dun servizo de documentación, que trataría de dar cobertura ás necesidades de referencias documentais, que poidan requirirse dende as unidades ou departamentos municipais.

Con carácter exemplificativo, pódense sinalar unha serie de tarefas concretas a realizar para a satisfacción das competencias xerais sinaladas;

- Informatización do arquivo, así como a actualización constante do mesmo, garantindo a busca inmediata de calquera expediente ou documento requirido na actividade administrativa diaria.
- Recollida e depósito ordenado de todos os documentos que teñan xerado os procedementos xa rematados, e que deben ser remitidos dende as diferentes unidades ou departamentos.

- Realizar un inventario do conxunto desta documentación depositada, ao mesmo tempo que se procede a un depósito e clasificación obxectiva, en base a criterios previamente determinados, da mesma.
- Reclamar aos departamentos correspondentes aqueles documentos que, unha vez examinados os expedientes remitidos, se observen ausentes, co fin de completar o proceso definitivo de arquivo do procedemento en cuestión.
- Garantir o anonimato e o acceso restrinxido ás persoas só debidamente autorizadas dos diferentes expedientes e documentación depositada no arquivo, adaptando, polo tanto, a súa xestión ás directrices da normativa de protección de datos.
- Exame dos diferentes diarios ou boletíns oficiais, para o coñecemento de todo aquilo relacionado con convocatorias públicas, subvencións, axudas ou resolucións que poida ser de interese para o concello.

02.01.06 Sección de estatística.

A sección de estatística asumirá a xestión global do censo e o Padrón municipais.

Con carácter exemplificativo e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de tarefas concretas a realizar para a satisfacción das competencias xerais atribuídas a esta sección;

- A formalización, actualización, revisión e custodia do Padrón e o censo municipal, coas conseguíntes altas, baixas, declaracións de caducidade das inscricións de estranxeiros por falta de renovación etc.
- Mantemento actualizado do soporte informático que almacena os datos relativos ao censo e o Padrón.
- Almacenaxe e conservación dos correspondentes documentos de inscrición subscritos polos veciños (ou copias dos mesmos que non plantexen dúbidas de autenticidade).
- Expedición de certificacións de empadramento, convivencia e de informes da Policía local (accidentes de tráfico), a petición dos veciños, así como de volantes de empadramento.
- Remisión mensual ao Instituto Nacional de Estatística, por medios informáticos ou telemáticos, as variacións producidas nos datos do Padrón Municipal.
- Remisión mensual á Oficina do Censo Electoral das variacións producidas nos datos contidos no Padrón Municipal.
- Autorización de festas populares (verbenas, tirada de fogos, etc.)

- Información particularizada aos veciños/as sobre as diferentes opcións que se lles plantexan no ámbito estatístico.
- Participación e colaboración nos procesos electorais, nos termos establecidos na Lei de Réxime Electoral, e en coordinación cos órganos electorais pertinentes: Xuntas electorais e os seus delegados, Subdelegación do Goberno, Consellería de Presidencia, Oficina do Censo Electoral, etc...).
- Realización daquelas tarefas que entren dentro deste eido competencial e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

02.02 Unidade de contratación e patrimonio.

Na **unidade de contratación e patrimonio**, e de conformidade co seu eido de especialización competencial, levaranse a cabo actividades relacionadas coa xestión, seguimento e control de expedientes en materia de contratación administrativa, destacando, entre outras, como tarefas máis significativas a realizar, a xestión global dos expedientes telemáticos de contratación baixo as directrices emanadas da normativa e do propio Concello ou a asunción e levanza da Secretaría das mesas de contratación.

Nesta unidade levaranse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Xestión global dos expedientes de contratación, a través da Plataforma de Contratación do Estado baixo as directrices da normativa vixente. Isto implicará, de xeito particular, a elaboración dos pregos de cláusulas e celebración de mesas de contratación.
- Realizar propostas para a Xunta de Goberno e Pleno Relativas ao ámbito de contratación.
- Realizar solicitudes de subvención a outros organismo que conleven a contratación posterior de obras, servizos e subministrados.
- Asunción e levanza da Secretaría das mesas de contratación.
- Actualización da base de datos de contratación.
- Información ao cidadán e aos membros da Corporación sobre os diferentes expedientes, na medida na que a normativa e o estado de tramitación dos mesmos o permita.
- Xestión interna dos expedientes de contratación a través de medios electrónicos, dende o seu inicio ata a formalización do contrato.
- Realización daquelas tarefas que entren dentro deste eido competencial e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

02.03. Unidade de conserxería.

A unidade de conserxería asumirá a prestación das actuacións necesarias e propias dun servizo de conserxería dos edificios e instalacións de titularidade municipal, de conformidade coa capacitación e especialización profesional do persoal adscrito, así

como o traslado de notificacións ou acordos e actos acadados no Concello a través do persoal notificador adscrito á unidade.

Compre sinalar, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, como **tarefas máis significativas a realizar**;

- Apertura e peche das instalacións municipais.
- Información ao público sobre dependencias, localización de oficinas, etc.
- Realización de notificacións de acordos municipais, cobro de impostos, etc.
- Axuda en traslados de oficinas, arquivos e mobiliario.
- Atención telefónica coa recepción das chamadas, atendendo consultas e derivándoas, se procede, ao departamento correspondente.
- Realizar xestión nas oficinas bancarias e oficinas de Correos.

- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

02.04. Unidade de persoal

Esta unidade ocuparase da tramitación de todos os expedientes relativos á xestión do persoal do Concello, así como de tódalas actividades propias dunha xestión integral do recursos humanos.

Neste senso, ao marxe das habituais xestións derivadas dos expedientes de contratación laboral, nomeamento de interinos, seguridade social, selección e provisión de postos, e dos procedementos propios da organización interna (permisos, vacacións, baixas, etc...), esta sección asumirá outras facetas propias da xestión integral do persoal: prevención de riscos laborais e saúde laboral, formación, organización, informes xurídicos, etc.

Tamén asumirá a xestión e tramitación das nóminas de todo o persoal do concello.

Son tarefas propias a desenvolver pola unidade de persoal, aínda que sen ánimo exhaustivo, as seguintes:

- Tramitación e xestión da organización interna do traballo: permisos, vacacións, baixas, control de asistencia, horas extraordinarias, excedencias etc...
- Funcións propias da xestión ordinaria en materia de retribucións e seguridade social do persoal municipal e que comprenderá:
 - Elaboración da nómina dos empregados municipais e tratamento das súas incidencias.
 - Cálculo dos seguros sociais e tramitación dos correspondentes impresos de liquidación ante a TGSS.

- Liquidación de asistencias e indemnizacións por reunións dos membros dos tribunais e outros órganos colexiados.
- Liquidación de asistencias a reunións dos membros da Corporación, así como das aportacións aos grupos políticos municipais.
- Colaboración cos tribunais de selección coa tramitación dos expedientes de selección e acceso de novo persoal; preparación de bases para os procesos selectivos, xestión das solicitudes, etc...
- Control, seguimento e estudo do absentismo e das súas causas, encargándose dos medios e instrumentos necesarios para tentar evitalo.
- Tramitación de expedientes de selección de novo persoal.
- Elaboración e implementación dos procesos de promoción interna e provisión de postos de traballo; configurar bases da convocatoria, preparar e desenrolar as probas, xestión dos expedientes persoais, etc...
- Elaboración de informes xurídicos en relación cos diferentes recursos presentados, así como nos expedientes en que se considera necesario.
- Seguimento e colaboración cos plans de seguridade e saúde laboral que o Concello poña en marcha.
- Xestión, planificación e seguimento dos plans formativos levados a cabo no Concello.
- Elaboración de instrumentos e procedementos que faciliten a xestión dos recursos humanos e a organización do traballo (regulamentos, circulares,...).
- Xestión e actualización permanente dos distintos instrumentos de ordenación do persoal existentes no Concello.

Así mesmo, esta unidade deberá por en marcha, xestionar e tutelar a continuidade operativa de tódalas actuacións previstas para lograr o obxectivo final do desenvolvemento e a promoción laboral e económica no eido municipal.

02.05 Unidade de Consumo.

A unidade de consumo asumirá as funcións legais e ordinariamente vinculadas ás Oficinas de atención ao Consumidor, dentro do marco competencial recoñecido ao Concello, así como a tramitación e xestión administrativa dos expedientes derivados desta actividade.

Tamén se ocupará da realización e tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial que se inician a instancia de particulares, incluíndo a petición de informes aos servizos afectados, compañías de seguros, proposta para Xunta de Goberno Local, etc.

03. DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

Correspóndelle a este Departamento o exercicio e materialización da competencia esencial da Intervención nos Concellos, que é a **fiscalización e o control da súa actividade económico-financeira**. Neste senso, aínda que sexa á Intervención a quen corresponda, de xeito directo e formal, a responsabilidade sobre o exercicio desta competencia, debido á transcendencia e volume de traballo derivada do seu exercicio, esta unidade, así como o persoal a ela adscrito, asumirá o desempeño das tarefas e actuacións administrativas ordinarias e habituais directamente vinculadas ao exercicio da devandita competencia; **deste xeito, asumirá a prestación, con carácter asistencial e administrativo respecto das competencias legal e formalmente atribuídas á Intervención** das funcións de control, supervisión e fiscalización xeral da xestión económico-financeira e orzamentaria do Concello, nos termos estipulados na normativa vixente (Lei 7/1985, RD 128/2018, Texto refundido do Réxime Local e demais normativa aplicable).

En todo caso, e de conformidade cos diferentes eidos de especialización competencial sinalados, e prestado por este Departamento, pódense destacar, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, como tarefas máis significativas a realizar , as que deseguido se sinalan;

✓ *Eido competencial da Fiscalización*

Asumir as funcións de control, supervisión e fiscalización xeral da xestión económico-financeira e orzamentaria do Concello, nos termos estipulados na normativa vixente (Lei 7/1985, RD 128/2018, Texto refundido do Réxime Local e demais normativa aplicable).

Tarefas concretas (a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo)

- Fiscalización, nos termos establecidos pola lexislación, de todo acto, documento ou expediente que orixine o recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico ou que poidan ter repercusión financeira ou patrimonial, sobre do cal debe emitir o correspondente informe.
- Intervención formal da ordenación dos pagos e da súa realización material.
- A comprobación formal da aplicación das cantidades destinadas a obras, adquisicións e servizos.
- Expedición de certificacións de descuberto contra os debedores por recursos, alcances ou descubertos.
- A recepción, exame e censura, no seu caso, dos xustificantes dos mandamentos expedidos a xustificar, debendo reclamálos ao seu vencemento.
- Informar sobre os proxectos de presupostos e expedientes de modificación de créditos dos mesmos.
- Elaboración de informes de índole económica e financeira a petición da Alcaldía, goberno municipal ou outro órgano do Concello autorizado a tal efecto.

- Emisión de ditame ou informe sobre a procedencia de novos servizos ou reforma dos existentes, avaliando as circunstancias económicas e financeiras destas propostas.
- Emisión de informes e supervisión dos procedementos en materia de persoal, especialmente no que se refire a contratacións e os conseguintes custos salariais.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro deste eido competencial e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

✓ ***Eido competencial de Contabilidade***

Xestión, control e seguimento da actividade contable ordinaria do Concello, baixo a estreita supervisión do/a Interventor/a e de conformidade ao Plan de Contas referido no artigo 114 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Tarefas concretas (a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo)

- Xestión das funcións ou actividades contables da entidade local, baixo a supervisión directa do posto de Interventor/a e as directrices xerais marcadas polo propio Concello.
- Participación na preparación e elaboración da Conta Xeral do Presuposto, así como na liquidación do presuposto anual.
- Rexistro, ordenación e control dos datos contables derivados da actividade municipal.
- Tramitación de expedientes de modificacións orzamentarias.
- Redacción de listas contables e documentos similares.
- En xeral, cómputo e control de toda actividade susceptible de repercutir no exercicio contable municipal, do cal deberá dar debida información ao Interventor, en canto que responsable último.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro deste eido competencial e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

04. DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA

As competencias deste departamento estarán vinculadas co manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade local, co alcance dado polo RD 128/2018, demais normativa de aplicación e a vixente RPT.

A función de Tesourería, cunha natureza semellante á secretaría e intervención, con atribucións fiscalizadoras e de control sobre a actividade da Corporación Local, debe

dotarse de **certa autonomía de funcionamento**, sen que se vincule estritamente a ningún outro servizo ou xefatura.

As competencias deste departamento vertebraranse entorno a tres eidos competencias básicos: Tesourería, Rendas e Recadación, contando está última cunha unidade propia.

No eido competencial da Tesourería o Departamento asumirá a tramitación e xestión administrativa dos expedientes vinculados ás competencias atribuídas normativamente á Tesourería, manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade local, de conformidade co exposto no RD 128/2018, baixo a directa supervisión do Tesoureiro.

04.01 Unidade de administración

O departamento de Tesourería contará cunha unidade de administración, a cal asumirá a xestión administrativa dos expedientes tramitados no seo do departamento, así como do apoio ás restantes unidades do departamento na realización de todas aquelas tarefas que se lle requira e en atención á cualificación do persoal adscrito á unidade.

Así, nesta unidade aglutinaranse, de maneira residual e supletoria, respecto de todas aquelas funcións que se vinculen coa Tesourería do Concello, e que, explícita e formalmente non se atopan asignada ás restantes unidades.

Así, a sección e administración xeral asumirá, sen ánimo exhaustivo, as seguintes actividades:

- Tramitación de expedientes administrativos.
- Expedición de certificacións.
- Xestión da relación cos órganos xudiciais e outros órganos administrativos.
- Apoio administrativo ao Tesoureiro.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

04.02. Unidade de rendas

A unidade de rendas asumirá as funcións tendentes á xestión dos impostos, taxas e prezos públicos, levando a cabo as funcións contempladas nas ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos, nas ordenanzas fiscais reguladoras das taxas e nas ordenanzas fiscais reguladoras dos prezos públicos.

04.03 Unidade de recadación

A Unidade de recadación asumirá a tramitación e xestión administrativa dos expedientes vinculados ás competencias atribuídas ao Concello, en materia de

Recadación, co alcance que determina o RD 128/2018, restante normativa en materia tributaria e de recadación, e a presente RPT.

Con carácter xeral, esta unidade ocuparase do cobro de recibos municipais en período voluntario e executivo, así como doutras moitas tarefas ligadas ás labores de recadación, entre as que cabe mencionar, sen ánimo exhaustivo, a realización de consignacións da Corporación municipal en entidades bancarias ou a xestión de incidencias na recadación (derivadas de erros, duplicidades, etc).

En todo caso, e de conformidade cos diferentes eidos de especialización competencial sinalados, e prestados por esta unidade, pódense destacar, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, como tarefas máis significativas a realizar, as que deseguido se sinalan;

- Realización de cobros e pagos correspondentes aos fondos e valores da entidade, en conformidade co establecido pola lexislación vixente.
- Custodia de fondos, valores e efectos, de conformidade coas directrices sinaladas a tal efecto polo propio Concello.
- Executar as consignacións en entidades bancarias e similares, de acordo cos criterios marcados pola Corporación, podendo autorizar, de acordo co Tesoureiro/a e Interventor/a, os cheques e demais ordes de pago que se fagan contra das contas abertas en ditos establecementos.
- Elaboración e seguimento dos programas de tesourería, garantindo a dispoñibilidade monetaria do Concello para poder facer fronte ás súas obrigas, establecendo unha orde de prioridade en conformidade coas directrices da Corporación e as emanadas da lexislación aplicable.
- Control e supervisión da actividade recaudatoria dos servizos externalizados, facendo un seguimento dos ingresos efectuados.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro do eido competencial da Unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

En xeral, á marxe das tarefas expresamente sinaladas, esta unidade asumirá a realización daqueloutras que entren dentro do seu eido competencial e que sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

O conxunto de actuacións levadas a cabo pola Unidade serán obxecto de supervisión e seguimento directo por parte do/a Tesoureiro/a, quen, ao marxe destas atribucións, tamén asumirá labores de asistencia técnica e operativa no exercicio das funcións de contabilidade propias do Departamento.

05. DEPARTAMENTO DE URBANISMO

Este departamento asumirá o desenvolvemento das funcións directamente vinculadas coa organización, dirección e control da ocupación e utilización do solo, o cal conleva o control da súa transformación mediante a urbanización, a edificación e a rehabilitación do patrimonio inmobiliario, así como a protección da legalidade urbanística e medioambiental e a xestión e aplicación do réxime sancionador. Todo isto, dentro do marco competencial que a normativa establece para a Administración Local, e con arranxo ás previsións normativas vixentes en cada momento e ás directrices emanadas da Concellaría responsable.

Así mesmo, asumirá a asesoría xurídica superior en materia de urbanismo no Concello, ocupándose da avaliación xurídica dos proxectos, licencias,... que se tramiten no Concello, estudando a súa corrección e suxeición a dereito, así como emitindo os informes técnico-xurídicos precisos para a tramitación dos distintos expedientes.

Neste senso, crearanse unha serie de unidades específicas a través das cales se levarán a cabo actividades e funcións diferenciadas.

05.01 Unidade técnica

No seo desta unidade asumírase o desenvolvemento e prestación das funcións técnicas necesarias para o exercicio das competencias propias do Departamento, así como para a tramitación dos expedientes correspondentes. Esta unidade encargarase, de conformidade co carácter especializado do seu persoal adscrito, da emisión de informes, redacción de proxectos técnicos, memorias valoradas, certificacións de obras, e demais documentos similares no eido da especialidade que a cada un dos técnicos lle corresponde. Cada un dos técnicos integrantes deste Departamento ten a súa necesaria e obrigada independencia funcional na emisión dos seus informes e redacción dos documentos que lle corresponda en atención á súa formación e especialización técnica. Así mesmo, en caso do recurso á externalización na prestación operativa dos servizos propios do departamento, esta unidade deberá asumir, entre as súas funcións básicas, a supervisión, control e inspección técnica dos mesmos.

En xeral, esta unidade encargarase da prestación dun asesoramento técnico especializado, necesarios e directamente relacionados co exercicio das competencias e tramitación dos expedientes propios do Departamento.

En todo caso, contará coa asistencia de Secretaría para as sesións da Xerencia de Urbanismo, nos termos do legalmente previsto e de conformidade cos criterios fixados ao efecto.

Sen prexuízo do anteriormente citado, compre sinalar, como tarefas máis significativas a realizar (a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo), as seguintes;

- Desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

- Elaboración de informes sobre proxectos, certificacións de obras, licencias e outros informes urbanísticos.
- Prescricións técnicas de proxectos de obras.
- Memorias económicas e proxectos de execución de obras municipais e supervisión e dirección técnica obras municipais.
- Xestión do planeamento e da execución urbanística.
- Redacción de Proxectos técnicos, Memorias Valoradas, proxectos técnicos simplificados...
- Redacción de memorias, presupostos e demais documentos técnicos necesarios para a solicitude ou xustificación de subvencións que sexan da súa competencia.
- Valoracións de terreos, inmobles ou similares, especialmente en casos de expropiacións ou por razóns urbanísticas.
- As asistencias ás sesións dos órganos colexiados cando sexa requirido ó respecto. Cando teñan lugar fóra do horario habitual de traballo terá dereito á compensación en horas.
- Demais similares, relativas ó seu eido de coñecementos e especialización, especialmente cando non esixan a intervención de titulado superior.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

05.02 Unidade administrativa

No seo desta unidade asumiranse todas as tarefas de índole administrativa precisas para a tramitación dos expedientes propios do Departamento, de conformidade coa capacitación profesional do persoal adscrito.

Así, neste unidade realizarase a tramitación dos expedientes propios do departamento, colaboración na emisión de informes e propostas de resolución no marco de expedientes de autorizacións, licencias ou permisos, reposicións de legalidade e sancionadores en materias propias da competencia municipal, entre outras tarefas, e sempre da acordo coa formación requirida para os postos que se integran na unidade.

05.03 Unidade de Licencias e Disciplina Urbanística

No seo desta Unidade asumirase a tramitación, informe e proposta de resolución da totalidade dos expedientes relativos a autorizacións, licencias ou permisos, reposición da legalidade e sancionadores, nas seguintes materias e na medida en que se trate de competencias municipais;

- ✓ Disciplina Urbanística (Concesión Licencias urbanísticas, expedientes de protección da legalidade urbanística, sancionadores, de ruínas e ordes de execución, autorizacións previas para edificación en solo rústico, etc.) .
- ✓ Expedientes sancionadores por rúidos, horarios, etc.
- ✓ Comunicacións previas e obras e apertura de locais de negocio.

- ✓ Actividades sometidas ao deber de obtención de autorización ambiental para o funcionamento, sexan de establecementos fabrís, industriais, comerciais ou de calquera outra índole.
- ✓ Actividades sometidas ao RD 2816/1982, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas e á Lei 10/2017, de 27 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia.
- ✓ Requirimentos de limpeza de fincas derivadas, derivados das obrigas da Lei de Montes de Galicia.
- ✓ En xeral, todas as restantes actividades dos particulares e entidades sometidas a un control municipal similar ao exposto.

Así mesmo, serán tarefas a asumir por esta unidade a emisión de informes nos expedientes de comunicación previa, declaración responsable e concesión de licencias urbanísticas por obras, primeira ocupación, actividades, ... e, en xeral, cando fosen da súa competencia por razón da actividade sometida ó control de licenza, así como a elaboración e emisión de informes nos expedientes de disciplina urbanística, medioambiental e de reposición da legalidade en xeral, cando, pola súa especificidade, non sexan máis propios dun enxeñeiro técnico ou arquitecto superior.

06. DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE CIDADÁ

Este Departamento asumirá as funcións xenéricas de seguridade en lugares públicos, ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas, así como todas as demais tarefas atribuídas á Policía Local segundo o estipulado na normativa vixente en cada momento (LBRL, Ley Orgánica 2/1986, Lei 4/2007 de 20 de abril de coordinación de Policías Locais de Galicia e Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve esta última, así como a restante normativa de aplicación) e con arranxo ás directrices emanadas da Concellaría responsable.

Por outra banda, ademais das habituais funcións de seguridade en lugares públicos e ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas, efectuará tarefas de control de establecementos no tocante a ruídos, horarios, terrazas, así como tarefas de policía administrativa en relación con denuncias ou informes de comprobación de posibles infraccións de carácter urbanístico, medioambiental, de apertura e funcionamento dos locais, establecementos e industrias, de exercicio da venda ambulante e, en xeral, de todas aquelas vulneracións de normas reguladoras de actividades competencia dos Concellos.

Así mesmo, levará a tramitación administrativa, incluído o seu control, impulso e seguimento, dos expedientes relacionados coa materia, entre os que se atopan os

expedientes sancionadores en materia de tráfico, solicitudes e xestión de subencións, escritos ou oficios, incluído as propostas de resolución ou redacción de informes que se deriven das súas actuacións.

Outras funcións asumidas por este departamento serán as seguintes:

- Prestará o apoio que se lle sinale pola Alcaldía, a solicitude da Xunta Electoral de Zona ou dos seus delegados, nos procesos electorais.
- Asumirá aquelas funcións relacionadas coas determinadas legalmente como propias dos Corpos ou Escalas de policía local.
- Prestar apoio e colaboración cos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado. O cumprimento dos requirimentos xudiciais así como das Xefaturas de Tráfico e outros organismos.
- Realización de atestados por delitos contra a seguridade viaria.
- Policía Xudicial, custodia de detidos, de armas e de produtos e materiais propios da súa función.
- Impartir formación en materia de educación viaria nos colexios do Concello.
- Participar no Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén).
- Elaborar estudos estadísticos para a mellora da seguridade viaria dentro do termo municipal, evitando con elo os puntos conflictivos.

06.01 Unidade administrativa e de servizos básicos

No seo desta Unidade asumirase a atención ao público así como a xestión administrativa propia do Departamento, de acordo coa capacidade profesional dos traballadores que o integran, así como outros servizos básicos necesarios para o correcto desenvolvemento das finalidades do Departamento, tal como o servizo de inmovilización e retirada de vehículos da vía pública, tramitación de expedientes por infracción en materia de tráfico, seguimento de permisos e vacacións do persoal de Policía, fixación de cuadrantes, quendas de traballo, remisión de informes aos departamentos municipais e organismos oficiais.

07. DEPARTAMENTO DE EMERXENCIAS

Nesta unidade asumiranse as funcións de salvamento, socorrismo, prevención e actuacións fronte accidentes, incendios ou catástrofes públicas, segundo o alcance dado pola Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencia de Galicia e demais normativa de referencia vixente en cada momento. Pódense sinalar, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, como tarefas máis significativas a realizar:

- Valoración de posibles riscos que poidan materializarse nun lugar determinado e adoptar as medidas necesarias para evitar ou reducir os danos.

- Elaboración de plans de emerxencia e a dirección e xestión dos recursos ante unha emerxencia.
- Servizos mínimos necesarios para o normal funcionamento da sociedade tras unha situación de emerxencia, evitando riscos adicionais.
- Desenvolvemento de estudos e programas de información a poboación, así como a promoción da autoprotección cidadá e corporativa, e fomento da participación social en actividades de protección civil e emerxencias. Ademais xestión de programas de educación para a prevención en centros escolares.
- Colaboración coas restantes Forzas e Corpos de Seguridade e cos servizos de emerxencias en xeral.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial do Departamento e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

08. DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Este departamento asume a posta en marcha, xestión e tutela das actuacións precisas para lograr o obxectivo final do desenvolvemento local, fomentando o emprego e a promoción económica no eido municipal.

Para acadar este fin, o departamento divídese en catro unidades, que de seguido se enumeran e describen, a través da cales se da cobertura a distintas áreas de actuación.

08.01 Unidade de fomento do emprego

Esta unidade encargarase de tódalas actuacións previstas para lograr o obxectivo final do desenvolvemento local, a promoción dos recursos propios e a dinamización e potenciación do emprego e mercado laboral, no marco das competencias asumidas polo Concello nestes eidos de actuación. Corresponderalle, xa que logo, coa debida independencia funcional e baixo a dirección da Concellería Delegada, a tramitación, incluído o seu control, impulso e seguimento, dos expedientes relacionados con estas materias, así como solicitudes e xestión de subvencións, escritos ou oficios, convenios, etc.

Asumirá, por tanto, a realización das seguintes tarefas e actuacións principais, que a continuación se relacionan, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo;

- Captación de Axudas, posta en marcha de Programas de Formación, etc... Especialmente buscará o acceso ás liñas de subvencións das restantes Administracións Públicas para actividades no eido da súa competencia e,

principalmente, respecto ós programas ou iniciativas procedentes da Unión Europea (FSE, etc.).

- Desenvolver estudos, proxectos e actividades de mellora para institucións, organismos e empresas.
- Levar a cabo actividades, programas e campañas tendentes á incentivar o emprego, tanto en empresas do propio municipio, como nos da contorna.
- Desenvolver materiais didácticos, especialmente recursos multimedia e de autoaprendizaxe, relacionados cos programas desenvolto.
- Solicitar a cualificación e inscrición a aqueles organismos de eido público que conveñan a fin de asegurar a participación do Concello en programas e concursos públicos de interese.
- Canalizar, investigar procedementos de acción e facer viables determinadas iniciativas municipais acordos cos obxectivos que se relacionan.
- Encargarse da xestión, seguimento e control administrativo e financeiro das contratacións vinculadas a subvencións e/ou convenios
- En xeral, todo aquilo que se considerase conveniente para o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades expostas.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro do eido competencial do Departamento e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

08.02 Unidade de atención a demandantes de emprego

A unidade de atención a demandantes de emprego asumirá a posta en marcha, xestión e tutela das actuacións necesarias para lograr o fomento do emprego e inserción no mundo laboral dos demandantes deste.

En particular e sen ánimo exhaustivo, esta unidade realizará, entre outras, as seguintes tarefas:

- Promover accións de promoción socioeconómica para colectivos con especiais dificultades de reinserción socio-laboral, en coordinación cos Servizos de Asistencia Social.
- Levar a cabo e xestionar Programas de Formación Ocupacional para desempregados así como Programas de Formación Continua para traballadores en activo e empresas.
- Desenvolver materiais didácticos, especialmente recursos multimedia e de autoaprendizaxe, relacionados cos Programas de Formación.
- Realizar Estudos de Mercado Laboral e Formación.
- Levar a cabo Proxectos de Orientación e Información Profesional.
- Asumir a entrada de demandas de emprego para prestar servizos no Concello.
- Prestar axuda na confección de documentación a presentar polos demandantes de emprego.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro do eido competencial do Departamento e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

08.03 Unidade de desenvolvemento local

Esta unidade asumirá a realización de todo tipo de actividades tendentes a fomentar e consolidar o desenvolvemento da actividade empresarial e industrial dentro do municipio. En particular, e sen ánimo exhaustivo, esta unidade ocuparase da realización das seguintes tarefas:

- Participar en Programas de Desenvolvemento Local e Comarcal. Neste senso buscará a combinación de fórmulas asociativas ou consorciais con outras Administracións Públicas ou entidades sen ánimo de lucro dirixidas a mellorar a xestión das súas competencias e acceso ás devanditas liñas de axudas ou subvencións.
- Potenciar e desenvolver calquera acción tendente á consolidación e expansión de empresas xa existentes, así como a aparición doutras novas creadoras de emprego, traballo e benestar social.
- Promover actividades que potencien a competitividade do tecido empresarial.
- Colaborar con institucións e cos axentes sociais (sindicatos e asociacións de empresarios) para a posta en marcha de proxectos de interese para o entorno.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial do Departamento e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

08.04. Unidade de feiras e eventos

No eido desta unidade asumírase a xestión directa das actividades a realizar dentro das instalacións do recinto de feiras e eventos baixo as directrices do Concelleiro encargado do Servizo.

O persoal adscrito á unidade ocuparase do mantemento xeral das instalacións e xestión das actividades realizando, entre outras, as seguintes tarefas:

- Limpeza diaria das instalacións.
- Apertura e peche das instalacións.
- Control e xestión da montaxe/desmontaxe dos elementos precisos para a realización de actividades.
- Asistencia e supervisión durante a realización de eventos.
- Xestión do calendario de eventos.
- Colaborar con outros departamentos cando a natureza das actividades a realizar así o requiran.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial do Departamento e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

08.05 Unidade de turismo

A unidade de turismo velará polo coidado, desenvolvemento e promoción dos recursos turísticos do Concello mediante a realización de actividades orientadas a tal fin, entre as

que cabe destacar, a elaboración de programas e eventos dedicados a potenciar o turismo, a emisión de informes sobre as necesidades que se observen neste eido, ou o subministro de información turística e o acompañamento de visitas ou excursións polo termo municipal.

Asumirá, por tanto, a realización das seguintes tarefas e actuacións principais, que a continuación se relacionan, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo;

-Control, impulso e seguimento dos expedientes relacionados coas competencias asumidas pola unidade.

-Xestión das actividades a realizar no recinto de feiras e eventos así como a coordinación dos diferentes eventos e servizos que se prestan nesas instalacións

-Solicitude e xestión de subvencións en materia de turismo.

-Realización e supervisión de escritos, oficios, propostas de convenios, etc en materia propia de turismo.

-Calquera outras tarefas que entren dentro do eido competencial do Departamento e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

08.06 Unidade de mercados

No eido desta unidade asumirase a supervisión, xestión e control das instalacións municipais, das Prazas de Abasto e de venda ambulante que se leve a cabo no entorno da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, así como da actividade que nas mesmas se leva a cabo, ocupándose, entre outros, da apertura e peche das instalacións, así como do cobro das taxas municipais ós postos que se ubiquen no mercado.

Igualmente, tamén será obxecto desta unidade a realización de pequenas tarefas de mantemento que resulten precisas nas instalacións do mercado municipal, tales como arranxos e obras de pequena entidade.

Asumirá, por tanto, a realización das seguintes tarefas e actuacións principais, que a continuación se relacionan, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo;

-Realización das tarxetas de autorización para a venda ambulante

-Coordinación co corpo de Policía Local para a xestión da venda ambulante

-Control e organización da actividade no mercado.

-Realización de informes para a Xunta de Goberno Local relativos ás altas, baixas, transferencias de postos, etc.

-Calquera outra tarefa que entre dentro do seu eido competencial do Departamento e que sexan propias da categoría profesional do persoal adscrito.

09. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS E MANTEMENTO DE ESPAZOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

A finalidade básica deste Departamento será a realización das tarefas necesarias para garantir o bo estado e mantemento das infraestruturas, instalacións e espazos públicos municipais, así como a conservación e desenvolvemento do medio rural.

09.01 Unidade administrativa

Entre outras, esta unidade, ocuparase da realización de propostas de compra de materiais precisos para a unidade, xestión da facturación e coordinación das actuacións do departamento con outros, na medida da capacidade do persoal adscrito á unidade.

De xeito particular, asumirá a realización de tarefas administrativas relacionadas coa xestión das propostas para presentar en Xunta de Goberno Local.

09.02 Unidade de obras e mantemento

No seo desta unidade asumírase a realización das tarefas e actuacións necesarias para garantir o bo estado e mantemento das infraestruturas, dotacións, espazos e vías públicas de titularidade municipal. Máis concretamente, as tarefas a realizar serán a conservación das instalacións, vías e espazos públicos municipais, así como a realización das obras e actuacións necesarias para o bo estado do tecido infraestrutural do Concello.

Estas funcións serán asumidas polo persoal adscrito, de conformidade á súa especialización e capacitación profesional, e nos termos do especificado a continuación, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo;

- Realización das actuacións necesarias para a conservación e mantemento xeral dos espazos públicos, vías e infraestruturas públicas en xeral, que sexan de competencia ou titularidade municipal, así como das actuacións necesarias para adecuada prestación dos servizos básicos competencia da entidade municipal.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

09.03 Unidade de mantemento eléctrico e servizo técnico

Encargarase da realización das actuacións necesarias para a instalación, reparación, reposición e, en xeral, adecuado estado de conservación e mantemento da rede de alumeado público municipal e de edificios de titularidade municipal, así como do control da facturación eléctrica e propostas de mellora da eficiencia enerxética, funcións a realizar polo persoal adscrito, de conformidade á súa especialización e capacitación profesional.

Con carácter exemplificativo e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de tarefas concretas a realizar para a satisfacción das competencias xerais atribuídas a esta unidade;

1- Alumeado público:

- Mantemento, reparación, conservación e acondicionamento dos puntos de luz.
- Confección dos cadros eléctricos e instalacións eléctricas novas tanto para edificios públicos como para alumeados de vías públicas, trifásicos e monofásicos con corrente continua e alterna, así como, conexións de acometida de FENOSA.
- Traballos en camión grúa de elevación.
- Mantemento, montaxe e ecualización de equipos de son, proxectores para eventos, tanto en interiores no Auditorio e casas de cultura, como en eventos do Concello incluída a iluminación.

2- Bombeos de augas residuais fecais. Mantemento, reparación, conservación e acondicionamento das estacións de bombeo e cadros eléctricos.

3- Mantemento e conservación de edificios públicos, colexios, campos de fútbol, pabellóns. Reparación das luminarias en campos de fútbol e pavillóns.

4- Administración. Redactar, archivar e entregar órdes de compra, propostas de Xunta de Goberno Local, informes de propostas de gastos, horas extras, etc.

5.- Realización daquelas tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

09.04 Unidade de Medio Ambiente

Esta unidade asumirá a realización das funcións e actuacións necesarias para a conservación e mantemento xeral dos espazos naturais do Concello, respectando os requisitos establecidos pola lexislación medioambiental vixente. Neste senso, a actividade da Unidade desenvolverase en dous planos: un administrativo, que se levará a cabo dentro do Concello, en relación coa tramitación dos expedientes administrativos ou tarefas administrativas relacionadas coa xestión do medio ambiente, tales como a tramitación de autorización; e un segundo plano operativo, que consiste na realización de actuacións de intervención nos distintos espazos naturais do municipio.

Deste xeito, a unidade ocuparase da realización de tarefas de limpeza e mantemento de zonas verdes, parques infantís, xogos infantís, etc., sen prexuízo da realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

Con carácter exemplificativo e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de tarefas concretas a realizar para a satisfacción das competencias xerais atribuídas a esta unidade;

- Xestión da recollida selectiva de residuos no Municipio (Punto limpio).
- Acondicionamento e limpeza do rural.
- Limpeza e mantemento dos colectores soterrados.
- Coordinación dos composteiros comunitarios e individuais.
- Mantemento do mobiliario urbán.
- Mantemento dos parques caninos.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

09.05 Unidade de parques e xardíns

Encargarase da conservación e mantemento xeral dos xardíns do Concello, respectando os requisitos establecidos pola lexislación medioambiental vixente. Así, responsabilizarase da conservación e mantemento dos xardíns e espazos verdes públicos municipais, asumindo a realización das actuacións necesarias para o logro deste obxectivo xeral. Así mesmo, leva a cabo a realización de propostas de compra relacionadas coa unidade.

Con carácter exemplificativo e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de tarefas concretas a realizar para a satisfacción das competencias xerais atribuídas a esta unidade;

- Mantemento dos centros educativos municipais e casas de cultura.
- Colaboración e montaxe en Eventos culturais.
- Limpeza e mantemento ocasional de cemiterios municipais.
- Limpeza de parques infantís e fontes públicas municipais.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

09.06 Unidade de cemiterios

Encargarase da realización das actuacións necesarias para o enterramento e exhumación de persoas finadas, así como a reparación, reposición e, en xeral, adecuado estado de conservación e mantemento do cemiterio municipal.

As tarefas administrativas realizaranse dende as oficinas municipais, consistentes na tramitación de concesións e alugueres de nichos, así como propostas de gasto e outras.

10. DEPARTAMENTO DE CULTURA, BIBLIOTECA E ANIMACIÓN Á LECTURA.

Este departamento asumirá a prestación dos servizos propios da actividade cultural, dentro do marco competencial que a lexislación establece para as Corporacións Locais, en congruencia coas necesidades e demandas derivadas da cidadanía e conforme ás directrices emanadas da Concellaría responsable.

10.01 Unidade administrativa e de xestión cultural

No seo desta Unidade asumirase a xestión administrativa de todas as cuestións relacionadas coa actividade do departamento, así como a posta en marcha de programas de animación socio-cultural, incentivando a participación cidadá en actividades culturais e dinamizando as actividades culturais do Concello.

A modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de funcións a realizar neste eido competencial:

- Organización e supervisión de todo tipo de actividades e eventos de índole lúdico-cultural.
- Asumir a posta en marcha de Programas de Animación socio-cultural.
- Incentivar a participación cidadán na actividade e a creación cultural.
- Dinamizar e animar grupos de traballo e encontro.
- Estudio e valoración das demandas dos cidadáns.
- Atención e apoio aos grupos e entidades culturais do Concello.
- Organización de eventos relacionados coa Normalización Lingüística (día das letras galegas, conferencias, programas, etc.).
- Organización de cursos de galego.
- Corrección de textos en galego e castelán.
- Tradución de textos ao galego.
- Realización de probas de galego para a selección de persoal.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro deste competencial e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

10.02 Unidade de biblioteca

Nesta Unidade asumiranse as tarefas necesarias para o mantemento, ordenación e prestación dun servizo de calidade de todas as bibliotecas municipais. Dentro deste obxectivo xeral, deberase encargar, particularmente, da automatización, clasificación,

organización e mantemento dos fondos existentes, así como a prestación dun servizo de atención ao público.

Asemade, xunto coas tarefas tradicionais dunha biblioteca, esta unidade asumirá, igualmente, as actuacións propias e inherentes dun servizo e programación de animación á lectura, en tanto que un instrumento máis dentro do obxectivo último de favorecer o hábito da lectura e o acceso aos libros. Dentro desta finalidade básica de promoción da lectura na poboación municipal, este departamento deberá asumir a programación de actividades e eventos que se orienten a este obxectivo.

A todo o anteriormente sinalado, se debe engadir, asemade, como competencia propia do departamento, a xestión e organización da actividade ordinaria da biblioteca, coas tarefas derivadas da mesma.

10.03 Unidade de instalacións

Nesta unidade asumiranse a prestación das actuacións necesarias e propias dun servizo de conserxería e mantemento das instalacións culturais do Concello, de conformidade coa capacitación e especialización profesional do persoal adscrito.

Compre sinalar, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, como tarefas máis significativas a realizar;

- Coidado, custodia e mantemento integral das instalacións culturais.
- Información ao público sobre dependencias, localización de oficinas, etc.
- Apoio en eventos culturais e outros, canalización do público e visitantes, etc., e incluso acompañamento durante a celebración de actos públicos.
- Vixilancia e custodia de instalacións, apertura e peche de dependencias, comunicando anomalías e defectos ó servizo de mantemento cando, pola súa complexidade, non podan ser reparadas por eles mesmos.
- Realización de pequenos traballos de mantemento e reparacións das instalacións, propios da cualificación profesional do persoal adscrito á unidade.
- Colaboración e apoio nas tarefas de preparación e durante a realización de espectáculos (control de luces, apertura e peche do telón,...), de acordo coa capacitación profesional do persoal adscrito ó departamento.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

11. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN

Este departamento asumirá a prestación dos servizos propios da actividade educativa, dentro do marco competencial que a lexislación establece para as Corporacións Locais, en congruencia coas necesidades e demandas derivadas da cidadanía e conforme ás directrices emanadas da Concellaría responsable.

Esta diversidade funcional require dunha vertebración en distintas unidades, que actuarán con certa autonomía, en virtude da súa especialización funcional.

11.01 Unidade do conservatorio de música

Esta unidade asumirá, así mesmo, a prestación, supervisión e control do conxunto da actividade pedagóxica musical que dende dito Concello se realiza, concentrada no Conservatorio Municipal, o cal se materializará nunha serie de actuacións concretas:

- Posta en marcha, control, xestión e supervisión do Conservatorio Municipal
- Impartir docencia atendendo as leis educacionais estatais e autonómicas de educación que regulan a actividade dun centro de música reglado destas características, co obxectivo de que o alumnado obteña os títulos que no mesmo se imparten.
- Deseño dunha programación de concertos e actividades pedagóxicas destinada ao desenvolvemento das capacidades dos alumnos do centro atendendo as especificidades propias, as programacións didácticas e a Programación Xeral Anual do mesmo.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

Estas funcións serán asumidas polo persoal adscrito baixo as directrices da Concellaría responsable.

11.02 Unidade da escola de música

A escola municipal de música asumirá a prestación, supervisión e control do conxunto de actividades pedagóxicas musicais que dende o Concello se realicen, e que se materializarán nunha serie de actuacións concretas:

- Posta en marcha, control, xestión e supervisión da Escola de Música Municipal.
- Impartir docencia atendendo as leis educacionais estatais e autonómicas de educación que regulan a actividade dun centro de música destas características.

- Deseño dunha programación de concertos e actividades pedagóxicas destinada ao desenvolvemento das capacidades dos alumnos do centro atendendo as especificidades propias, as programacións didácticas e a Programación Xeral Anual do mesmo.

- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

Estas funcións serán asumidas polo persoal adscrito baixo as directrices da Concellaría responsable.

11.03 Unidade de xestión

A unidade de xestión ocuparase da tramitación administrativa da totalidade dos expedientes cuxas materias son competencia do Departamento. Polo tanto, responsabilizarase do aspecto administrativo e operativo, no tocante aos expedientes asumidos.

Igualmente, prestará auxilio na organización e xestión das distintas actividades educativas promovidas polo Departamento, ocupándose de realizar todos aqueles trámites para os cales se atope cualificado o persoal adscrito ó Departamento.

Tamén asumirá, entre outras, tarefas tales como a compra ou indicación da necesidade de adquisición de materiais precisos para a unidade ó superior correspondente, xestión da facturación e coordinación das actuacións do departamento con outros, así como calquera outra actividade que lle sexa posible realizar ó persoal adscrito, atendendo á capacidade do persoal adscrito á unidade.

Con carácter exemplificativo e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de tarefas concretas a realizar para a satisfacción das competencias xerais atribuídas a esta unidade;

- Organización de proxectos educativos cos centros do municipio.
- Información e xestión de becas a estudos.
- Liña directa e diaria cos equipos directivos e ANPAS dos centros educativos.
- Asistencia a reunións que sexan precisas.
- Traballo e coordinación conxunta con outros departamentos e Unidades adscritas ó Departamento de Educación (Conservatorio de Música, Escola Municipal de Música, Biblioteca Municipal,..)
- Realización das tarefas de reprografía, reparto de documentación, control e colocación de información nos paneis dispostos a tales efectos,...
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

Igualmente, nesta unidade asumiranse a prestación das actuacións necesarias e propias dun servizo de conserxería e mantemento das instalacións do colexios municipais, de

conformidade coa capacitación e especialización profesional do persoal adscrito. Neste eido funcional, compre sinalar, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, como tarefas máis significativas a realizar:

- Coidado, custodia e mantemento integral das instalacións.
- Información ao público sobre dependencias, localización de oficinas, etc
- Realización das tarefas de reprografía, reparto de documentación, control e colocación de información nos paneis dispostos a tales efectos,...
- Vixilancia e custodia de instalacións, apertura e peche de dependencias, comunicando anomalías e defectos ó servizo de mantemento cando, pola súa complexidade, non podan ser reparadas por eles mesmos.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

12. DEPARTAMENTO DE DEPORTES

Este departamento asumirá en exclusiva as actuacións propias da prestación dun servizo deportivo municipal, dentro do marco competencial asumido polo Concello. A estes efectos, o Departamento dividirase en distintas unidades de actuación que de seguido se detallan.

12.01 Unidade de administración

Correspóndelle a esta unidade a responsabilidade na tramitación administrativa ordinaria dos expedientes relacionados coas competencias asumidas polo Departamento. Deste xeito encargarase de tódalas tarefas de índole administrativa necesarias para a tramitación dos referidos expedientes, e de conformidade coa capacitación profesional do persoal adscrito.

12.02 Unidade de actividades deportivas

Terá a función primordial de dinamizar e incentivar a actividade deportiva entre a poboación do Concello, desenvolvendo para elo as tarefas e actuacións que sexan necesarias e que con carácter exemplificativo e sen ánimo exhaustivo, se poden concretar da seguinte maneira:

- Organización e posta en marcha de todo tipo de actividades, eventos e actos que teñan por obxecto a divulgación e incentivación da práctica deportiva entre a cidadanía do Concello.

- Asumirá a organización e supervisión de competicións en diversas especialidades deportivas, así como a coordinación e complementación con outras competicións existentes ao marxe da entidade municipal.
- Prestará un servizo de coordinación, supervisión e atención de necesidades de todos os clubs, grupos ou asociacións deportivas municipais, dentro dos límites competencias que a tal efecto teña recoñecido o Concello.
- Posta en marcha de actividades e programas de animación á práctica deportiva, especialmente entre sectores nos que sexa especialmente recomendado (infancia, maiores, etc...). En casos necesarios, deseño de programas específicos para ámbitos poboacionais con especiais circunstancias (diminuídos físicos ou psíquicos, infancia, terceira idade, etc...)
- Demais tarefas similares e calquera outra que poida ser encomendada dende a coordinación xeral do departamento e que entre dentro das competencias propias do servizo.

12.03 Unidade de servizo de mantemento

A unidade de servizo de mantemento ocupárase da realización das actuacións necesarias para a reparación, reposición e, en xeral, adecuado estado de conservación e mantemento das instalacións deportivas municipais; funcións a realizar polo persoal adscrito, de conformidade á súa especialización e capacitación profesional.

12.03.01 Sección de mantemento

No seo desta sección asumírase a realización das tarefas e actuacións necesarias para garantir o bo estado e mantemento das infraestruturas, dotacións, espazos empregados polo departamento de Deportes. Máis concretamente, as tarefas a realizar serán a conservación das instalacións, a través da realización de obras menores e tarefas de mantemento básicas orientadas á correcta conservación das instalacións e espazos deportivos.

Estas funcións serán asumidas polo persoal adscrito, de conformidade á súa especialización e cualificación profesional, e nos termos do especificado a continuación, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo;

- Realización das actuacións necesarias para a Conservación e mantemento xeral dos espazos deportivos, que sexan de competencia municipal, así como das actuacións necesarias para adecuada prestación dos servizos básicos competencia da entidade municipal.

- Realización das actuacións necesarias para a reparación, reposición e, en xeral, adecuado estado de conservación e mantemento de instalacións.

- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

12.03.02 Sección de conserxes

A sección de conserxes asumirá a prestación das actuacións necesarias e propias dun servizo de conserxería dos edificios e instalacións deportivas de titularidade municipal, de conformidade coa capacitación e especialización profesional do persoal adscrito.

Compre sinalar, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, como **tarefas máis significativas a realizar;**

- Coidado, custodia e mantemento integral das instalacións deportivas municipais.
- Información ao público sobre dependencias, localización de oficinas, etc.
- Apoio en eventos municipais e incluso acompañamento durante a celebración de actos públicos.
- Vixilancia e custodia de instalacións, apertura e peche de dependencias, comunicando anomalías e defectos ó servizo de mantemento cando, pola súa complexidade, non podan ser reparadas por eles mesmos.
- Axuda en traslados de oficinas, arquivos, mobiliario, material deportivo,...
- Coidado do orde e convivencia nas dependencias públicas deportivas e aviso aos responsables cando se producen alteracións.
- Realización de pequenos traballos de mantemento e reparacións das instalacións, propios da cualificación profesional dos postos de conserxería.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

13. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

Segundo o establecido polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación e demais normativa aplicable, este Departamento responsabilízase, incluído o seu control, impulso e seguimento, das actuacións relacionadas coa atención primaria en materia de asistencia social, os servizos sociais de primeiro nivel, o deseño e implementación das políticas de inclusión e inserción social, así como aqueles programas e actuacións co obxectivo común de mellorar o benestar social da poboación municipal, con especial incidencia en aqueles colectivos con maior risco de exclusión e inadaptación social, nos termos das

competencias legalmente atribuídas, ao respecto, ao Concello; todo elo con arranxo ás directrices emanadas pola Concellaría responsable.

O posto que obste a coordinación do departamento asumirá a coordinación e desenvolvemento de funcións de xestión técnica, coordinación e planificación das accións, e, entre outras e sen ánimo exhaustivo, as seguintes:

- Seguimento, cumprimento, control de proxectos, actuación, orzamentos, e normativa.
- Apoio técnico e articular nas relacións con outros servizos.
- Coordinación de equipo e centro: coordinación interna e externa.
- Xestionar o proceso de solicitude, concesión e xustificación de subvencións.
- Coordinar programas e proxectos a desenvolver na área da intervención social e comunitaria.
- Xestión de recursos, deseño, desenvolvemento e seguimento.
- Atención á cidadanía.

Así mesmo, este departamento vertebrarase en torno ás seguintes unidades.

13.01 Unidade de programas

Esta unidade asumirá a realización de programas orientados á detección, análise, diagnóstico e sensibilización coas situacións de risco e de necesidade social, así como á elaboración de, entre outras e sen ánimo exhaustivo, tarefas como as que se relacionan de seguido:

-Realizar programas de sensibilización sobre as necesidades dos servizos sociais existentes e fomentar a participación social no desenvolvemento da vida comunitaria.

-Realizar programas orientados a detectar, analizar e diagnosticar as situacións de risco e de necesidade social.

-Realizar programas de intervención ante situacións de risco, incidindo sobre os factores que o provocan e desenvolvendo actuacións que eviten a aparición de problemáticas ou necesidades sociais.

-Realizar programas orientados a favorecer a inserción social de persoas e colectivos a través de procesos de participación e cooperación social.

-Seguimento de programas específicos desenvolto nos servizos sociais.

-Realización daquelas outras tarefas que entren dentro deste eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

13.02 Unidade de traballo social

Esta unidade, considerando as directrices emanadas da Lexislación aplicable, será o elemento básico do sistema no que se refire á prevención, detección, análise de necesidades, programación do traballo social e prestación de servizos adecuados ás mesmas. Polo tanto, deberá asumir a responsabilidade de ser a canle normal e inicial de acceso aos servizos sociais do Concello, xa que constitúen o nivel máis próximo ao usuario e ao seu ambiente familiar e social.

A modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de funcións a realizar pola Unidade;

- A detección e análise das necesidades e demandas no eido da intervención social.
- Xestión das prestacións e dos servizos especializados, dentro do catálogo de servizos sociais.
- Colaborar na xestión dos expedientes de axudas e subvencións.
- Colaborar no seguimento, avaliación e control dos centros e servizos propios ou concertados.
- Colaborar no seguimento e aplicación dos programas de acción social.
- A información, orientación e asesoramento aos cidadáns sobre os seus dereitos sociais e recursos dispoñibles, así como os procedementos para o seu exercicio, e, no seu caso, a intermediación necesaria para que sexan efectivos.
- A prevención no ámbito da comunidade.
- A mellora da autonomía persoal así como a integración e permanencia no medio familiar e social mentres sexa desexada e conveniente.
- A inserción social de persoas en risco ou en situación de exclusión social.
- A animación e desenvolvemento comunitario.
- O estudo e valoración das demandas, derivadas dun adecuado sistema de avaliación de necesidades, dando lugar ao correspondente deseño de propostas de intervención, cos obxectivos e estratexias a seguir, mobilizando e asignando os recursos necesarios.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

13.03 Unidade de educación e apoio familiar

Dentro do marco competencial deste departamento, esta unidade, asumirá a posta en marcha de programas e actuacións especialmente orientados cara a atención e integración socio-familiar e educativa dos cidadáns. Asumirase, así, a atención das necesidades sociais específicas que poidan xurdir no ámbito familiar, o cal implica a posta en marcha de actuacións e programas encamiñados á prevención e superación das problemáticas derivadas da desintegración familiar, afrontado problemas especialmente vinculados coa infancia, a xuventude, a 3ª idade, así como toda a problemática derivada da marxinação ou non inclusión social (desemprego, falta de recursos, inadaptación social, etc...). Competencias e funcións que, en todo caso, se traducirán na realización das seguintes tarefas e actuacións principais, que a continuación se relacionan, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo;

-Estudo e valoración das demandas, derivadas dun adecuado sistema de avaliación de necesidades, dando lugar ao correspondente deseño de propostas de intervención, cos obxectivos e estratexias a seguir, mobilizando e asignando os recursos necesarios.

-Deseño e desenvolvemento de proxectos de intervención socioeducativa individual e/ou familiar en núcleos desestruturados, conflictivos ou en momentos de crise.

-Valoración e seguimento, en colaboración cos outros servizos sociais, de todo o referido á infancia, terceira idade, discapacidade, etc... ou calquera outra dificultade que sexa susceptible de afectar á integración familiar e social das persoas.

-Colaboración e participación puntual noutros programas e proxectos englobados dentro dos Servizos Sociais.

-Avaliación periódica das actuacións desenvolvidas.

- Colaboración no deseño e implementación de proxectos socioeducativos a nivel individual, familiar, grupal e comunitario.

-Colaboración na prestación dos restantes servizos e funcións propios polo departamento, de conformidade coa cualificación profesional do persoal adscrito.

-Colaborar co Departamento de Promoción Económica e Emprego na elaboración e tramitación de peticións de subvencións e memorias xustificativas

-Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

13.04 Unidade administrativa

Nesta unidade asumirase a tramitación administrativa da totalidade dos expedientes cuxa materia son competencia do Departamento. Polo tanto, responsabilizarase do aspecto meramente administrativo e operativo, no tocante aos expedientes asumidos polo Departamento, prestando auxilio administrativo ao conxunto departamental.

Entre outras, ocuparase da realización de tarefas de auxilio en relación á totalidade dos expedientes asumidos polo Departamento, de conformidade coa capacidade profesional do persoal que integra a unidade administrativa, así como da clasificación e arquivo de ditos expedientes, da realización de oficios, provisión de material de oficina, atención á cidadanía, demanda de información xeral sobre materias e funcionamento do servizo, fixación de cita previa, etc.

14. DEPARTAMENTO DA MULLER, IGUALDADE E PERSOAS MAIORES

Este departamento encargarase do desenvolvemento dun conxunto de actuacións encamiñadas á promoción efectiva da igualdade entre sexos, así como do desenvolvemento dun servizo especializado de atención e asesoramento nas problemáticas particulares da muller.

Prestará un servizo especializado, tanto no eido psicosocial como no eido xurídico, que facilite a atención, acollida, información e asesoramento a mulleres, co obxecto de prever ou dar resposta a situacións de emerxencia, discriminación, maltrato ou desamparo.

En xeral, encargarase e prestará un servizo especializado de asesoría, orientación e apoio ás mulleres nas súas necesidades e demandas específicas. Competencias e funcións que, en todo caso, se traducirán na realización das seguintes tarefas e actuacións principais, que a continuación se relacionan, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo;

- Asesorar e orientar á muller sobre os seus dereitos e formas de inserción laboral.
- Facilitar información e asesoramento xurídico, así como atención psicolóxica ás mulleres que a demanden.
- Desenvolver programas de promoción e participación social, de prevención e intervención para colectivos de mulleres de alto risco, especialmente, mulleres vítimas da violencia de xénero.
- Información en materia de recursos e actividades dirixidas ao colectivo LGTBI.
- Calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o demanden.

-Información e asesoramento en materia de igualdade de oportunidades aos grupos de mulleres que de forma colectiva o demanden.

-Avaliación periódica das actuacións desenvolvidas.

-Elaboración e tramitación de peticións de subvencións e memorias xustificativas, en estreita colaboración coas competencias asumidas ao respecto polo Departamento de Promoción Económica e Emprego.

-Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

Así mesmo, dentro deste Departamento, asumirse a cobertura das necesidades e demandas específicas das persoas maiores do Concello, encargándose da posta en marcha de cantas actuacións e actividades se consideren oportunas.

14.01 Unidade do Centro de Información á Muller

No eido desta Unidade asumirse o apoio psicosocial, a acollida e atención a mulleres, co obxectivo de asesoralas e orientalas, así como de axudarlles a prever ou dar resposta a unha situación de emerxencia, discriminación, maltrato ou desamparo.

Desenvolveranse programas de promoción e participación social, de prevención e intervención para colectivos de mulleres de alto risco, especialmente vítimas de violencia de xénero.

Así mesmo, realizaranse plans de seguimento e avaliación da evolución da violencia de xénero no municipio.

14.02 Unidade de Igualdade

Nesta Unidade levaranse a cabo plans de supervisión e análise social en materia de igualdade, así como programas de actuación para sensibilizar e instruír a toda a poboación na materia. En particular, prestarase especial atención á xuventude, estrato de poboación co que máis se traballará a efectos de sensibilizar e educar en igualdade.

Así mesmo, nesta Unidade traballarase con colectivos e familias con problemas de integración social, a través da realización de programas e de impartir formación. En particular, estudarase e farase un seguimento individual daqueles casos que presenten maior dificultade.

15. DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Este Departamento asumirá a cobertura das necesidades e demandas específicas da xuventude do Concello, encargándose da posta en marcha de cantas actuacións e actividades se consideren oportunas.

As actuacións que dende o servizo se realicen, orientaranse de maneira especial cara aqueles colectivos con riscos de exclusión ou con problemas de integración e adaptación social.

Para o desenvolvemento desta actividade, os usuarios contarán cun programa global de actividades orientadas á dinamización social e cultural da mocidade.

No marco deste Departamento tamén se incentivará a participación do conxunto da cidadanía e, en especial, dos máis novos, na participación de actividades de voluntariado que beneficien ó conxunto da poboación e, en particular, os sectores comprendidos pola xuventude, así como a poboación con problemas de integración e adaptación social.

16. DEPARTAMENTO DE S.P.A.D.

O Servizo de Atención e Prevención a Drogodependentes encargase da atención e realización de programas dirixidos a todas que presentes problema de consumo e/ou adicción ás drogas, así como os familiares de persoas que reúnan estas características.

De igual xeito, na actualidade, o S.P.A.D. tamén presta asistencia a persoas afectadas por outras adicións como as ludopatías ou á adición ás novas tecnoloxías, así como a pacientes afectados por outro tipo de doenzas, derivados das Unidades de Dor, das consultas de psiquiatría,...

Para a prestación dos seus servizos, o S.P.A.D. atópase estruturado nas unidades de actuación que de seguido se relacionan.

16.01 Unidade asistencial a drogodependentes

Esta unidade asumirá a atención médica directa dos pacientes do S.P.A.D. Así, ocuparase da atención primaria de persoas que presenten problemas de consumo de alcohol ou drogas, así como do asesoramento médico a familiares de pacientes.

En particular, o persoal adscrito ó S.P.A.D. desenvolvera, entre outras e sen ánimo exhaustivo, as seguintes tarefas:

- Atención médica
- Realización de probas de diagnose e seguimento
- Prescrición e control de medicación e tratamentos con antagonistas

- Preparación e subministración de medicación e outras substancias
- Realización de controles e análise dos mesmos
- Control e reposición do material do S.P.A.D.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito

16.02 Unidade de atención psicolóxica

Esta unidade ocuparase de achegar a información e asesoramento en relación ós riscos que supón o consumo de drogas e alcohol, así como da atención psicolóxica a pacientes. Serán tarefas a realizar por esta unidade, aínda que sen ánimo exhaustivo, as seguintes:

- Identificación, avaliación e diagnose de casos susceptibles de ser tratados polo S.P.A.D
- Participación na formación da historia clínica dos pacientes do S.P.A.D
- Prestar asistencia psicolóxica e información orientada a conter situacións de ansiedade, tanto a pacientes do S.P.A.D. como a familiares destes
- Favorecer e incentivar o tratamento
- Realizar probas de avaliación e seguimento de cada un dos casos.
- Realizar devaloracións psicolóxicas e neuropsicolóxicas para organismo oficiais (Xulgados, Centros de Menores,...)
- Manter relacións con outras entidades (Servizo de Atención ó Menor, Servizos Xudiciais,)
- Realizar seguimento e avaliación periódica dos pacientes
- Diseñar programas de prevención a través de distintos eidos de intervención (educativo, familiar, laboral,...)
- Elaborar informes de seguimento dos plans de prevención levados a cabo
- Difundir as iniciativas preventivas levadas a cabo
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito

16.03 Unidade de día

A unidade de día ocuparase da intervención directa con pacientes do S.P.A.D., orientándose a súa actividade a lograr manter a abstinencia e procurar a reestruturación e reintegración do paciente na súa dinámica social.

Así, serán actividades a desenvolver pola Unidade, sen ánimo exhaustivo, as seguintes:

- A realización de actividades orientadas a reafirmar a abstinencia e a análise da súa situación persoal.
- Diseñar, planificar e executar distintos plans orientados á intervención en distintos eidos (familiar, laboral, de traballo individual,...)
- Potenciar a socialización e reintegración do suxeito.

- Manter reunións co resto do equipo do S.P.A.D.
- Coordinarse con outros servizos (Servizos Sociais, Xulgados,...)
- Realización daquelas tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito

16.04 Unidade administrativa

No seo desta unidade asumiranse todas as tarefas de índole administrativa precisas para a tramitación dos expedientes propios do Departamento, de conformidade coa capacitación profesional do persoal adscrito.

Así, neste unidade realizarase tarefas de auxilio na tramitación de expedientes propios do departamento, ocupándose da clasificación e arquivo de documentación, así como calquera outras tarefas administrativa elementais de acordo coas instrucións recibidas e atendendo á capacitación profesional do persoal adscrito a unidade.

17. DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA E NOVAS TECNOLOXÍAS

Este departamento asumirá as funcións de organización, dirección e xestión do Sistema Informático Municipal, do Sistema de Telecomunicacións e da Administración Electrónica, para toda a organización municipal (departamentos, edificios, fundacións, museos, SPAD, e resto de instalacións municipais) de acordo coa lexislación actual (novas tecnoloxías, etc.) e as competencias municipais. Polo tanto, este departamento terá un claro carácter transversal, prestando apoio a todos os departamentos do Concello no ámbito da súas competencias, e de conformidade coa súa capacitación e especialización profesional.

Este departamento asumirá a responsabilidade do uso, adquisición, implantación, coordinación e xestión das Tecnoloxías da Información e as Telecomunicacións no ámbito do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Con carácter exemplificativo e sen ánimo exhaustivo, pódense sinalar unha serie de tarefas a realizar relativas ao Sistema Informático Municipal, ao Sistema de Telecomunicacións e á Administración Electrónica (en adiante Sistema INTAE):

- Planificar as necesidades futuras do sistema INTAE.
- Planificar as necesidades futuras do resto de departamentos en colaboración cos mesmos.
- Elaboración de informes, pregos de prescricións técnicas etc. do sistema INTAE.
- Xestionar as licitacións e posta en marcha dos compoñentes do sistema INTAE.
- Xestionar e planificar o presuposto de inversión e de gasto corrente do sistema INTAE. Planificación de compras informáticas.

- Xestión dos contratos de mantemento de todos os compoñentes do sistema INTAE.
- Comprobar e asinar facturas do sistema INTAE.
- Aplicación da lexislación actual ao sistema INTAE (Real Decreto 3/2010, Real Decreto 4/2010, Lei 39/2015, Lei 40/2015, Regulamento (UE) 2016/679, Regulamento eIDAS etc.).
- Planificación de programas e medidas formativas do sistema INTAE en colaboración co resto dos departamentos .
- Análise e deseño das solucións relativas ao software e hardware a empregar na rede informática do concello.
- Implantación e xestión de redes locais e protocolos de comunicacións.
- Control de seguridade e integridade do sistema.
- Responsable da seguridade do sistema informático e da xestión de usuarios/permisos do servidor.
- Xestión e actualización dos sistemas operativos.
- Análise e deseño das solucións relativas ao software e hardware a empregar na rede informática do concello.
- Supervisión da xestión e mantemento do hardware.
- Control de seguridade e integridade do sistema.
- Xestión dos sistemas web do Concello (dominios, subdominios, aloxamento web, etc.)
- Implantación de novos sistemas e o desenvolvemento da administración electrónica.
- Colaborar nas tarefas precisas para o correcto funcionamento de novos sistemas e administración electrónica.
- Xestión e actualización de aloxamentos e servizos web nos que participe concello (perfil contratante, adhesión á Plataforma Contratación do Estado, factura electrónica, SIR, Portelo Único).
- Deseño de software aplicado.
- Deseño e implantación de ferramentas informáticas para a estandarización e normalización de procedementos administrativos ordinarios do Concello, asumindo o seu control e seguimento.
- Responsabilidade do correcto funcionamento de novos sistemas e administración electrónica (a modo meramente enunciativo corresponderalle o desenvolvemento, avaliación de riscos, garantir o seu funcionamento, resolver incidencias, etc).
- Filmar os plenos municipais a través do sistema de videoactas e a xestión dos mesmos.
- Planificación de programas e medidas formativas.
- Resolución das incidencias dos usuarios.
- Realización daquelas outras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

O departamento subdivídense en dúas unidades:

17.01 Unidade de xestión

A Unidade de xestión encargase da xestión e desenvolvemento do software das aplicacións corporativas e, de xeito particular, asumirá a xestión da administración electrónica, etc.

17.02 Unidade de sistemas

A Unidade de Sistemas encargase da xestión da encargase da xestión das plataformas hardware e dos sistemas en xeral (S.O., seguridade, virtualización, centralización, interoperabilidade, copias de seguridade, integridade, dominios, etc. de xeito particular, asumirá a xestión do sistema de telecomunicacións).

Todo o persoal do departamento deberá realizar e colaborar en calquera tarefa que se lle solicite dentro do eido competencial do mesmo e de acordo coa súa capacitación e especialización profesional.

II PARTE

DESCRIPCIÓN PROFESIONAL E FUNCIONAL DOS POSTOS DE TRABALHO

FICHAS DESCRITIVAS INDIVIDUAIS

Aclaracións previas

A descrición de funcións contida nestas fichas non pretende ser exhaustiva e se realiza sen prexuízo de que, cando as circunstancias o xustifiquen, aos ocupantes dos postos se lles poida esixir o desenvolvemento de calquera función, tarefa ou responsabilidade distinta á correspondente ao posto de traballo, sempre que resulten axeitadas ao seu Corpo, Escala, Subescala ou Categoría Profesional (vid. Artigo 73.2 do Estatuto Básico do Empregado Público), así como daquelas funcións asignadas por disposicións normativas específicas, por disposicións legais de nova aplicación, ou por outros instrumentos de ordenación do persoal de carácter interno que se poidan desenvolver no seo da propia Administración Municipal.

Igualmente, nestas fichas descritivas dos postos, tamén se indica a área administrativa de pertenza (Departamento/Unidade), o tipo de persoal ao que se vincula o seu desempeño (**F -persoal funcionario-**; **L - persoal laboral -**), así como a súa clasificación profesional; neste último aspecto, no caso de tratarse de persoal funcionario, se indican o grupo profesional de pertenza, así como a escala e subescala, mentres que no caso de persoal laboral, o grupo e a categoría profesional (no caso de persoal laboral se indica S.C. - categoría segundo Convenio -, e os grupos profesionais de pertenza, fixados por asimilación cos do persoal funcionario, segundo o sistema actualmente vixente no Concello).

Asemade, tamén se incorpora un apartado de observacións no que se sinalan outros aspectos definatorios do postos e/ou esixibles, aos posibles ocupantes dos mesmos, para o seu desempeño.

01. DEPARTAMENTO DE ALCALDÍA

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
01.01.00.01	Auxiliar protocolo	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
C2	A.E. (Técnica – Auxiliar)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN	TIPO DE XORNADA	Ordinaria
Departamento de Alcaldía; Unidade de transparencia e bo goberno	DEDICACIÓN	Non
	DISPOÑIBILIDADE	Ocasional
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
<p>Responsabilidades e atribucións xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Realización das funcións propias da súa titulación académica ou profesión de acceso ó emprego público. 		
<p>Funcións principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Xestionar, organizar e asistir a distintos actos celebrados polo Goberno Municipal. – Organizar e asistir ás visitas que acoden ás instalacións municipais. – Realizar tarefas de atención ó público. – Xestionar a celebración de vodas civís. – Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden. – Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes. – Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes. – Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. 		

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
01.01.00.02	Administrativo/a	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
C1	A.X. (adva.)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN		TIPO DE XORNADA
		Ordinaria
Departamento de Alcaldía; Unidade de transparencia e bo goberno		DEDICACIÓN
		Non
		DISPOÑIBILIDADE
		Non
OBSERVACIÓNS	ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO	
<p>Responsabilidades e atribucións xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Realización de funcións de colaboración, preparatorias ou derivadas das propias do corpo superior e do corpo de xestión, a proposta de resolución de procedementos normalizados que non correspondan ao corpo superior ou ao corpo de xestión, a comprobación, xestión, actualización e tramitación de documentación e a preparación daquela que, en función da súa complexidade, non sexa propia do corpo superior ou do corpo de xestión, a elaboración e administración de datos, a inventariación de bens e materiais, e tarefas ofimáticas, manuais, de información e despacho e atención ao público. 		
<p>Funcións principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Colaborar na xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios da unidade, nos termos do disposto na propia RPT e co alcance sinalado pola normativa de aplicación para o persoal pertencente á subescala administrativa de administración xeral. – Colaborar na organización dos respectivos Departamentos. – Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados. – Informar e atender ao público, en defecto de auxiliares. – Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. 		

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
01.02.00.01	Técnico/a de comunicación, publicacións e arquivos – Xefe/a unidade	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
A1	A.E. (Técnica - Superior)	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN		TIPO DE XORNADA
Departamento de Alcaldía; Unidade de comunicación social		Ordinaria
		DEDICACIÓN
		Non
		DISPOÑIBILIDADE
		Habitual
OBSERVACIÓNS		ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO
		Estar en posesión do título de Licenciatura ou Grao en Historia, ou graduado/a ou licenciado/a nunha titulación equivalente da rama de arte e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas.
Responsabilidades e atribucións xerais:		
<ul style="list-style-type: none"> - Realización das funcións propias da súa titulación académica ou profesión de acceso ó emprego público. - Asumir a Xefatura da Unidade, coas obrigas que disto se derivan. 		
Funcións principais:		
<ul style="list-style-type: none"> - Relación e xestión cos medios de comunicación. - Elaborar notas de prensa, campañas publicitarias, folletos informativos, e calquera outro documento ou publicación, de acordo coa súa capacitación profesional. - Prestar asesoramento en materia de comunicación e publicidade a calquera Unidade ou Departamento que o requira. - Asumir o mantemento de contidos nas páxinas web do Concello. - Asumir a asistencia directa en tódalas actuacións que legalmente se lle recoñecen á Unidade e que forman parte das competencias asumidas polo Departamento, no eido da súa capacitación profesional e competencial. - Prestar asistencia técnico - administrativa na tramitación dos expedientes e asuntos propios da unidade, nos termos do disposto na propia RPT e no eido da súa capacitación profesional e competencial. - Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. 		

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
01.02.00.02	Deseñador/a gráfico/a	Laboral
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
III	Segundo Convenio	A.L.
ÁREA DE ADSCRICIÓN		TIPO DE XORNADA
Departamento de Alcaldía; Unidade de comunicación social		Ordinaria
		DEDICACIÓN
		Non
		DISPOÑIBILIDADE
		Habitual
OBSERVACIÓNS		ESPECIAIS REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO DO POSTO
<p>Responsabilidades e atribucións xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización das funcións técnicas propias da súa titulación académica ou profesión de acceso ó emprego público. 		
